

ACTA NUMERO CATRO CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2000.

----- 000 -----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as once horas e tres minutos do día vinteseis de febreiro de dous mil réunese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación do Concello de Pontevedra baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D. Raimundo González Carballo**, **D. Xosé Luis Bará Torres**, **D^a María Salomé Alvarez Blanco**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D^a María dos Anxos Riveiro Portela**, **D^a María Carmen da Silva Méndez**, **D. Xosé Luis Veiga Lage**, **D. Manuel Xesús Fontán Bouzas**, **D. Juan Luis Pedrosa Fernández**, **D^a María Josefa Manzanares Perala**, **D. José Benito Suárez Costa**, **D. Francisco Arturo Pichel Márquez**, **D. Gerardo Zugasti Enrique**, **D. Enrique de la Peña Vieitez**, **D. José Manuel Fernández Rodríguez**, **D. Juan Enrique Magdalena Chan**, **D. Celestino Lores Rosal**, **D. Roberto Jesús Taboada Rivadulla**, **D^a María Teresa Casal García**, **D. Luciano Eusebio Santiago Esperón**, **D. Guillermo Antonio Meijón Couselo** y **D^a María Dolores Elvira de Ozámiz Lestón** -exceptuando **D. Juan Enrique Magdalena Chan** que se incorpora unha vez resolto o punto 2) dos incluídos na orde do día-, non asistindo **D. Manuel Abeledo López**, estando presente o Sr. Interventora, **D. Manuel Loureiro Blanco**, actuando como Secretario **D. Julio Dapena Outomuro**, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión e, antes de comezar a trata-los asuntos da orde do día, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade transmitir ós familiares de Suso Bahamonde o pésame polo seu falecemento.

ORDE DO DÍA

1.- ACTA ANTERIOR: APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIA DO DÍA 20 DE XANEIRO, ORDINARIA DO DÍA 29 DE XANEIRO, E EXTRAORDINARIA DO DÍA 14 DE FEBREIRO DE 2000.

Dáse conta dos borradores das actas das sesións plenarias extraordinaria do día 20 de xaneiro, ordinaria do día 29 de xaneiro e extraordinaria do día 14 de febreiro de 2000, que se aproban por unanimidade e sen modificación ningunha.

2.- COMPARECENCIA EN RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS E INTERPOSICIÓN DE RECURSO ADMINISTRATIVO DE REPOSICIÓN: RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓNS URGENTES DICTADAS POLA ALCALDÍA E COMISIÓN DE GOBERNO MATERIAS ATRIBUÍDAS Ó PLENO DA CORPORACIÓN.

Se da cuenta de resolucións dictadas pola Alcaldía acordando a comparecencia ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra en recursos interpostos por **D. José Antonio García Mon**, **D. Carlos Jaudenes López de Castro**, Delegación do Goberno en Galicia, **D^a María del Carmen Moldes**

Ferro e D. Casiano Esperón Buceta, contra o acordo plenario de data 29 de abril de 1999, polo que se aprobou o proxecto organizativo da administración municipal e a modificación da relación de postos de traballo do ano 1999 como consecuencia da súa adaptación ó proxecto organizativo aprobado. Así mesmo, se da conta de acordo adoptado pola Comisión de Goberno sobre interposición de recurso de reposición contra dúas resolucións do Xurado Provincial de Expropiación polas que se determinou o prezo xusto de fincas afectadas polo proxecto de urbanización das rúas perimetrais de A Parda.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda ratificar as devanditas resolucións, así como o acordo da Comisión de Goberno.

3.- COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA: ADHESIÓN Ó ACORDO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE CONSTITUCIÓN DA COMUNIDADE TERRITORIAL DE COOPERACIÓN DO VAL DO MIÑO E INTEGRACIÓN DESTE CONCELLO NA MESMA.

Dáse conta do dictame, favorable por unanimidade, da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio á adhesión ó acordo da Deputación Provincial sobre constitución da Comunidade Territorial de Cooperación do Val do Miño e integración deste Concello na mesma.

Aberto o debate, intervén don Xosé Luis Veiga Lage, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que basicamente a nivel informativo e sobre todo como unha referencia ás persoas que asisten ó Pleno, vai tratar de explicar un pouco e brevemente o porqué e en que consiste, pois este ano se está a poñer en vigor o programa operativo 2000-2006 dos programas europeos e os fondos europeos son unha aportación importante para tódalas institucións e para entes privados e o equipo de goberno cre que o Concello de Pontevedra debe facer todo o posible por poder optar a estes fondos, que por outro lado non está a estas alturas todavía moi claro como se van repartir e como se vai poder optar a eles, para iso unha das medidas é adherirse a esta comunidade que se fixo por parte da Deputación de Pontevedra e do norte de Portugal, sobre todo para logo non quedar fóra e non ter que se arrepentir.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Visto o acordo adoptado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial, na sesión que tivo lugar o día 28 de xaneiro de 2000, polo que se aproba a constitución da Comunidade Territorial de Cooperación de Val do Mino e os seus principios rectores para a promoción do desenvolvemento armonioso da rexión transfronteiriza do Val do Miño.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda adherirse ó acordo adoptado pola Excma. Deputación Provincial e intégrase na Comunidade Territorial de Cooperación creada para o desenvolvemento armonioso e sostido da rexión transfronteiriza do Val do Miño.

4.- ACONDICIONAMENTO DA TRAVESÍA N-550-PK 116, 77 A 118'62: AUTORIZACIÓN Á DEMARCACIÓN DE ESTRADAS DO ESTADO EN GALICIA PARA REALIZACIÓN DE PAGOS, POR OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA TRAVESÍA N-550.

Examinado o expediente tramitado para o "ACONDICIONAMENTO DA TRAVESÍA N-550, A CORUÑA-TUI P.K. 116,77 A 118,62. TRAMO: PONTEVEDRA", e vista a solicitude formulada por D. José Jesús Perona Villegas e D. Ignacio Sevilla Soler, en nome e representación de CAJA CAMINOS, S.C.C. relativa á autorización para a toma de razón de cesión de crédito a favor de CAJA CAMINOS, S.C.C., son relevantes para a súa resolución os seguintes:

FEITOS:

1º.- O Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o 28 de xaneiro de 1999, acordou autorizar á Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia do Ministerio de Fomento para que efectúe o pago á empresa GRUPO LAIM, S.A. da cantidade de 65.901.971 pesetas, correspondente ás obras executadas para a reposición dos servizos afectados con motivo das obras de "ACONDICIONAMENTO DA TRAVESÍA N-550, A CORUÑA-TUI P.K. 116,77 A 118,62. TRAMO: PONTEVEDRA".

2º.- O día 24 de novembro de 1999 D. José Jesús Perona Villegas, en nome e representación de CAJA CAMINOS, S.C.C., solicitou do Concello de Pontevedra autorización a favor de CAJA CAMINOS para que efectúe o pago da cantidade de 65.901.971 pesetas, correspondente ás obras executadas polo GRUPO LAIM, tendo en conta que a Intervención Xudicial do Grupo LAIM, S.A., comunicou á Dirección Xeral de Carreteras do Ministerio de Fomento o visto e prace para que se producira o pago do crédito cedido a favor de CAJA CAMINOS, en contrato de cesión de crédito formalizado o 15 de xaneiro de 1998 coa intervención do Axente de Cambio e Bolsa D. Rafael Monjo Carrió, polo que o GRUPO LAIM, S.A. transmitiu e cedeu de maneira irrevocable a CAJA CAMINOS, S.C.C. cantos dereitos e accións lle correspondan e o dereito de crédito que actualmente ostenta ante o Ministerio de Fomento, Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia, Unidade de Pontevedra.

3º.- Polo Servicio de Contratación deste Concello emitíuse informe no que se sinala que, o Concello de Pontevedra é un intermediario entre a empresa adxudicataria das obras e a Demarcación de Carreteras, sendo posible que o Concello autorice á Demarcación para que efectúe o pago da obra a CAJA CAMINOS, S.C.C., actual acreedora polas obras executadas en virtude do contrato de cesión de créditos; dita autorización foi concedida pola Alcaldía en data 29 de decembro de 1999.

4º.- A Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia, Unidade de Carreteras de Pontevedra, en data 26 de xaneiro de 2000, Rexistro de Entrada nº 2.164, remitiu escrito da Sociedade Caja Caminos no que solicitan "Que la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, solicite al Concello de Pontevedra, que la autorización emitida por dicha Corporación con fecha 29 de diciembre de 1999, en la que se autorizaba a esa Demarcación, a efectuar el pago de la cantidad de SESENTA Y

CINCO MILLONES NOVECIENTAS UNA MIL NOVECIENTAS SETENTA Y UNA (65.901.971) PESETAS a Caja Caminos, Sociedad Cooperativa de Crédito, sea aprobada formalmente por el Pleno del Concello de Pontevedra".

O Pleno da Corporacion, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Fazienda e Patrimonio, acorda autorizar á Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia a que efectúe o pago da cantidade de SESENTA E CINCO MILLÓNS NOVECENTAS UNHA MIL NOVECENTAS SETENTA E UNHA (65.901.971) PESETAS a CAJA CAMINOS S.C.C, en virtude do contrato de cesión de créditos, formalizado o 15 de xaneiro de 1998, se ben, no momento de efectuarse o pago das certificacións pola Demarcación de Carreteras á empresa, deberá reterse o importe dos honorarios de dirección das obras efectuadas polo Sr. Enxeñeiro municipal, que lle corresponden a este Concello, cantidade que deberá ser transferida a esta Administración municipal.

5.- MOCIÓN DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE SOBRE ELABORACIÓN DUN PLAN DE HUMANIZACIÓN DE BARRIOS.

Dáse conta de moción do Portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, sobre elaboración dun plan de humanización de barrios, que di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Como moi ben se expresa en distintos documentos da UNESCO, humanizar a cidade é moito máis que construír anchas rúas bordeadas de árbores, pasaxes soterrados, parques e zonas públicas. É máis que facilitar abrigo a todos e dotar á cidade dunha boa infraestrutura, edificios públicos e transporte rápido. Humanizar a cidade é ante todo abrir a posibilidade de exercer libremente a liberdade, a creatividade e o esparcemento. É garantir a quen se apropian que a imaxinen, que a vivan, que a disfruten e que a transformen.

Humanizar a cidade supón pois unha ampla concepción que necesariamente pasa por converter en espazos de convivencia as zonas onde esta verba, convivencia, adoita a súa máxima expresión, isto é, nos barrios.

Os barrios deben contar con aqueles elementos que permitan xenerar unha vivencia de cidade humanizada, que configuren espazos de encontro vital que contribúan á percepción por parte dos seus cidadáns que eles, e voltamos ás verbas da UNESCO, son centro de tódalas opcións e decisións.

Desta forma, o mobiliario urbano, as árbores e xardíns, os espazos de encontro e paseo, beirarrúas e prazas, servizos, equipamentos e mesmo os criterios estéticos, deixan de ter sentido en si mesmo para formar un conxunto harmónico que identifica ó barrio e configura a súa propia personalidade en base a vivencia que xeneran.

A situación dos barrios da nosa vila é ben coñecida por todos, nalgúns casos e dado o seu estado, a verba empregar sería a de "rexeneración". Polas razóns anteditas e en coherencia cos obxectivos do programa electoral do PS DE G-PSOE, é

polo que se formula a seguinte

PROPOSTA:

1.- O Pleno acorda a elaboración dun Plan de Humanización de Barrios que neste mandato se prioriza nos barrios de A Seca, San Antoniño, Os Salgueiriños e Monte Porreiro.

2.- Que para a realización de dito Plan de Humanización e das actuacións que del se deriven, contemplaranse nos Orzamentos do ano 2000 as partidas presupostarias correspondentes, sendo incorporado ó mesmo tempo no Plan Plurianual de actuacións municipais.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Guillermo Meijón Couselo, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, o cal manifesta que a súa proposta ten como sentido introducir dentro do Plan Plurianual deste mandato un Plan de humanización de barrios que concretan e priorizan, en principio, nos barrios da Seca, San Antoniño, Salgueiriños e Monte Porreiro, por considerar que son os que neste momento necesitarían unha actuación máis importante cara a un plan de arreglo de beirarrúas, de servicios, de equipamentos, mesmo de criterios estéticos, facer barrios humanos en que as persoas sexan o centro dese barrio e polo tanto piden ós compañeiros dos distintos grupos que teñan a ben aprobar esta proposta, para que desta forma se poida incluír nestes orzamentos e, o que é moi importante, no propio Plan Plurianual deste Concello.

Intervén a continuación o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, diciendo que va a hacer una única intervención que será válida para las cuatro mociones que a continuación se van a tratar y que han sido presentadas por el Partido Socialista y va a empezar la intervención diciendo que con estas cuatro mociones parece que los señores del PSOE se vendieron al equipo de gobierno por un plato de lentejas, quizá por cuatro platos de lentejas en este caso, pero lo malo no es eso, lo malo es que no saben cuantas lentejas lleva cada plato ni cuando se los van a ir sirviendo y dice esto, en primer lugar, porque resulta curioso que hace tan sólo dos meses el señor Taboada y el señor Alcalde estaban peleados como si fuesen dos niños pequeños y esa pelea llevó a que no se aprobasen los Presupuestos en tiempo y forma y obligó al señor Alcalde a gobernar con los Presupuestos del Partido Popular prorrogados e, incluso, el señor Alcalde de una forma chulesca le dijo al señor Taboada que hasta después de las elecciones no se negociaba el Presupuesto, pero más curioso todavía es que hace tan sólo una semana ya vuelven a ser amigos y traen pactado a este Pleno que el B.N.G. aprueba sus cuatro mociones y el PSOE aprueba el expediente de créditos que más adelante se debatirá; el Partido Popular no puede por menos que pensar que este rápido acercamiento entre el Bloque Nacionalista Galego y el PSOE se debe al tirón de orejas que desde las sedes centrales de sus respectivos partidos les han dado al señor Fernández Lores y al señor Taboada y a que desde allí les han dicho que se dejen de tonterías pues las eleccio-

nes están muy cerca y hay que contentar a los electores en vísperas de la votación; pero al señor Taboada tiene que decirle que hasta el más tonto gobernando le hubiese cambiado las cuatro mociones por la operación de crédito de 465 millones de pesetas que dentro de unos momentos se aprobará, porque son cuatro mociones en las que absolutamente todos los partidos que están representados en esta Corporación están de acuerdo, pues de una forma o de otra todos lo recogen en sus programas electorales, pero tal como se presentan estas cuatro mociones, que llamaría mociones "lights", no comprometen absolutamente para nada al equipo de gobierno, pues no se habla en ellas ni de plazos claros ni de pesetas, con lo cual cree que van a quedar en una bonita declaración de intenciones; respecto a la del plan de urbanización de barrios, que es la que en este momento se está tratando, tiene que decirles que es algo en lo que el Partido Popular ha venido trabajando en los últimos años de una forma muy importante y seria, pues no hay más que ver como están hoy día esos barrios y como estaban hace unos años, evidentemente hay que seguir trabajando en esa misma línea y en esa dirección, pero a cambio de eso le parece de mal gusto, aunque lo achaca a que sea una equivocación por las prisas, que simplemente se prioricen esos cuatro barrios de la ciudad, pues considera que hay barrios con tantas o incluso con más necesidades que alguno de esos cuatro y sería un error grave dejarlos fuera como pueden ser Puente Nuevo, Santa Ana en Estrivela, el Burgo en Lérez, la zona de la Parada, San Blas, etc., por tanto cree que no se debería de priorizar, como se dice en la moción, que para estos próximos tres años y pico sean única y exclusivamente esos cuatro barrios y que debe de extenderse mucho más, o que debe de elaborarse ese plan inicial y de él se deduzca en que barrio se debe de empezar a actuar; de todas formas anuncia que su grupo va a votar a favor de las cuatro mociones, a pesar de ese tinte electoralista que las rodea, pero también quiere decirle al señor Taboada que es una pena que no le pongan fecha y pesetas a las cuatro mociones, sobre todo viendo que cuando pacten los presupuestos ya quedará muy poco dinero, después de la operación que hoy se apruebe, para poder acometer todas esas obras y por lo tanto se teme que esto quede en papel mojado.

De novo intervén o señor Meijón Couselo, dicindo que seguramente non é conveniente para o Partido Popular que o PSOE e o BNG cheguen a algún tipo de acordo, pero por enriba de todo está a cidade de Pontevedra; polo que respecta a seguir directrices de máis arriba, non quere dicir aquilo de que pensa o ladrón que todos son da súa condición, pero o deixa aí; con respecto ós prazos e pesetas, é verdade que estas mocions neste momento non inclúen nin prazos nin pesetas nos orzamentos, pero tamén é verdade que teñen que negocia-los orzamentos co BNG e nese momento será cando figuren, non soamente eses prazos e esas pesetas para este ano, senón ademais todo o que respecta á súa introdución no Plan Plurianual e, non se preocupen, pois nese momento estas mocions cobrarán sentido tanto

en pesetas como en prazos.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, acorda aproba-la moción nos seus propios termos.

6.- MOCIÓN DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE SOBRE ELABORACIÓN DUN PLAN ESPECIAL DE RECUPERACIÓN DO CONTORNO DA MOUREIRA.

Dáse conta de moción do Portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, sobre elaboración dun plan especial de recuperación do contorno da Moureira, que di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No programa electoral que o PS de G-PSOE presentou cara a esta lexislatura que nos ocupa, figura no punto 3, apartado B, o compromiso de impulsar un novo Plano Especial no ámbito do barrio da Moureira e a recuperación, no posible, do patrimonio de toda a zona, símbolo da súa peculiar identidade.

A todos nos consta a grande relevancia desta zona dentro da historia da propia cidade. A súa ubicación e dislocación respecto do chamado Casco Histórico-Artístico non debe facer-nos esquecer deste barrio nin da importancia da súa conservación como elemento vital do noso pasado histórico.

No vixente PXOU de Pontevedra, nos artigos 221 e 227-bis xa se contemplan actuacións urbanísticas na zona da Moureira, destacando a importancia da conservación e mantemento da natureza específica destes barrios.

Facer desta zona un lugar habitable e entrañable, acorde coa importancia que historicamente lle corresponde, restaurar e rentabilizar os seus espazos, convertilo nun entorno humano e vital de encontro e non só de paso, ademais de moitas outras que, por obvias, non se expoñen xa que a súa situación actual é de sobras coñecida, son razóns polas que se formula a seguinte:

PROPOSTA:

1.- O Pleno acorda a elaboración dun Plan Especial de recuperación do entorno da Moureira que terá que estar finalizado no actual mandato municipal.

2.- Que para a realización de dito Plan e das actuacións que del se deriven, contemplaranse nos Orzamentos do ano 2000 as partidas presupostarias correspondentes, sendo incorporado ó mesmo tempo no Plan Plurianual de actuacións municipais.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Guillermo Meijón Couselo, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, o cal manifesta que, polo que respecta ó barrio da Moureira, que sexa un plan especial e non entrara na moción anterior sobre o plan de humanización é polas características peculiares deste barrio, que ten unha grande relevancia dentro da historia da cidade de Pontevedra, pero que ten unha ubicación dislocada con respecto do casco histórico, sendo tamén un recinto histórico de importancia e xa no propio Plan Xeral de Ordenación Urbana había un par de artigos referentes á importancia da súa conservación, pero

desgraciadamente xa existen actuacións que están aí que o desvirtúan bastante e que crean graves problemas para a súa recuperación e nesta moción están a propoñer un plan especial de recuperación para todo o contorno, aínda que saben que será un plan difícil e a medio prazo, polo que tamén piden que se inclúa no Plan Plurianual de actuacións municipais.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, acorda aproba-la moción nos seus propios termos.

7.- MOCIÓN DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE SOBRE ELABORACIÓN DUN PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.

Dáse conta de moción do Portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, sobre elaboración dun plan de emprego municipal, que di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nas enquisas á poboación un dos temas, o primeiro, que maior preocupación desata e sobre o que se esixe unha actuación decidida por parte das institucións públicas é o tema do emprego, por elo para os nosos concidadáns e as forzas políticas e sociais son unha preocupación os temas relacionados con esta materia.

As actuacións que neste campo poden desenrola-las institucións públicas, ente elas este concello, son varias e constitúen unha área de intervención na procura dunha actuación decidida e planificada a prol de combati-lo paro, na medida do esforzo que podemos asumir.

Dentro das aspiracións dos grupos municipais que constitúen a maioría de gobernabilidade deste concello combatelo paro é un propósito que temos enunciado en múltiples ocasións.

É costume que algunhas das obras que se acometían na nosa cidade, sobre todo no que lle chamamos entorno rural ou periurbán, facíanse mediante a financiación de obras ós veciños. Sen que elo supuxese a creación de emprego con garantías sociais suficientes para os traballadores que desenvolvían algúns destes traballos moitas das veces estes traballos se facían dun xeito desregulado.

Tódolos grupos municipais, desta e de anteriores corporacións teñen contemplado nos seus presupostos partidas económicas destiñadas a acometer obras que podemos chamar de arranxos, mesmo no proxecto de presuposto presentado polo equipo de goberno tense adicada unha partida económica a actuacións de obras, que sen te-la denominación de arranxos, inclúen actuacións de recuperación patrimonial, obras de carácter social e obras de recuperación de bens públicos.

Nós entendemos que neste senso debemos actuar de xeito planificado e con vontade de que estas actividades, que sen dúbida hai que desenrolar, servan para algo máis que para "facer obras". Entendemos que deben ser intervencións sometidas a un PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.

Plan de Emprego que amáis do financiamento que se poda

conquerir doutras administracións debe ter unha financiación propia, emanada das arcas do noso concello. Con elo amosaríamos unha vontade política decidida a prol do tema que vimos de expoñer.

Con estes motivos presentamo-la seguinte proposta para a súa aprobación.

PROPOSTA:

1) Que nos presupostos municipais que se teñen de aprobar para o ano 2000 se inclúa unha partida orzamentaria co nome do PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.

2) Que esta partida conte cun orzamento propio e con esa denominación,

3) Que este PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL teña a finalidade de acometer accións de recuperación e actuacións patrimoniais e obras de carácter e interese social nas zonas rurais e periurbanas.

Aberto o debate, intervén don Luciano Santiago Esperón, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, dicindo que o que se trata con este grupo de mocións é establecer uns criterios básicos de entendemento e é un reto que afrontan con tódalas consecuencias, quere dicir con isto que por parte do seu grupo do que se trata é de establecer uns acordos básicos de accións a encetar por parte de toda a Corporación e sabían que parte destas propostas podían ser aceptadas por unanimidade porque son temas que están na mente de todos e sobre os que toda esta Corporación ten preocupacións, pero do que se trata é de establecer tamén unha fórmula e un mecanismo para comezar ou para establecer algún tipo de modicidade de traballo, trátase de facer propostas que comprometan, porque desde os compromisos é desde onde pode haber resultados e desde estes compromisos é desde onde se poden articular actuacións concretas que, como dicía o seu compañeiro, non poden ter un carácter presupostario nestes próximos presupostos senón de carácter plurianual; en canto a que son opcións electoralistas, non as considera así, o que pasa é que coincidiron nestes tempos e destas formas e quere dicir que a súa intención, e así o deixaron de manifesto desde o principio, e non mestura-lo que era a actividade municipal co actividade que se vinculase ó feito das eleccións xerais, que un proceso no que están todos de acordo; polo que respecta a que son mocións "lights", no tocante a esta moción que lle totoca defender, que é a do plan de emprego municipal, non lle parece unha moción "light", porque significa un cambio substancial na forma de actuar en canto a actuacións de obras en todo o contorno municipal dunha forma distinta, de forma planificada e sometida a proxecto global de actuacións, o que leva implícito que previamente hai que planifica-las actuacións e diexa-lo mecanismo de face-las cousas a vote pronto e a salto de mata; neste sentido é polo que propoñen que, tal e como se di na moción, o que son as obras que poden afectar á recuperación, as actuacións patrimoniais e obras de interese social, fundamentalmente nas zonas rurais e periurbanas da cidade, sexan some-

tidas a un plan de actuación que se chama Plan de emprego, porque o que pretenden é que isto sirva para regula-lo emprego, para que non se produza neste tipo de actuacións emprego en precario e que sirva para engadir a un plan de emprego máis global que teñen ambición que se chegue a completar en todo o Concello e que se planifique para períodos plurianuais.

A continuación concédese a palabra a don Xosé Luis Veiga Lage, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, o cal manifesta que a súa intervención e para expresa-lo apoio do grupo de goberno á moción do Partido Socialista, entre outros motivos porque existe sintonía na preocupación polo emprego, pois é algo que especificamente ía recollido no programa do BNG e que cre que debe afectar a toda a poboación, pero fundamentalmente debe logo centrarse en colectivos específicos; de feito nos oito meses que este grupo de goberno ven gobernando xa se tomaron medidas concretas neste campo, se presentou un proxecto á Consellería de Familia dentro dos programas de cooperación para contratar 23 persoas en distintas áreas, basicamente en áreas coincidentes en moitos casos, se prevé contratar unha persoa en promoción turística, tres persoas en programas de inserción sociolaboral, sete persoas en programas de recuperación de camiños no rural, once persoas en mellora de espazos públicos urbanos e unha persoa no programa municipal de asesoramente xuvenil, en total 23 persoas que supoñen unha subvención da Consellería de 64 millóns de pesetas e unha aportación do Concello de 18 millóns de pesetas; neste mesmo sentido e na mesma liña se puxo a funcionar a Escola Taller de Monte Porreiro que emprega a 60 persoas e estase a traballar tamén na presentación dun programa obradoiro para 45 ou 60 persoas que suporá tamén un investimento de preto de 100 millóns de pesetas; isto no que son medidas directas e que engarzan perfectamente coa moción do Partido Socialista, pero o tema do emprego non se limita a isto, pois indirectamente lle afecta todo o tema de promoción do Polígono industrial de O Campiño, as actividades feirais e a colaboración con entidades comerciais para facer plans de dinamización do comercio, con isto non quere dicirlle ós compañeiros do Partido Socialista que xa o están a facer, senón todo o contrario, e o que quere resaltar, sobre todo, é que coinciden en inquietudes e en preocupacións polo tema do emprego; efectivamente no Concello de Pontevedra non existe a nivel orzamentario ningunha partida que faga referencia ó emprego, cada vez que se acometen estes plans se buscan noutras partidas que permitan participar nestes proxectos e lle parece que incluso pedagoxicamente é sumamente positivo que aparezan partidas específicas que falen de plan de emprego, primeiro porque a poboación pode pensar que non se está a facer nada ó non existir partidas específicas e, segundo, porque efectivamente isto pode permitir coordinar moito mellor as accións, por tanto quere recalcar que o seu apoio e porque existe similitude de inquietudes e de preocupacións.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade

e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Eacenda e Patrimonio, acorda aproba-la moción nos seus propios termos.

8.- MOCIÓN DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE SOBRE UN PLAN ESPECIAL PARA TRATAMIENTO DAS MEDIANEIRAS DAS EDIFICACIÓNS NA CIDADE.

Dáse conta de moción do Portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, sobre un plan especial para tratamento das medianeiras das edificacións na cidade, que di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Pontevedra contempla no seu artigo 227 o desenvolvemento dun plan especial para o tratamento das medianeiras da cidade.

No devandito Plan, as medianeiras traseiras á Igrexa da Peregrina merecerían un especial tratamento, polo que todas as partes implicadas: propietarios particulares, Patrimonio, Colexio de Arquitectos e Concello, deberían chegar a un acordo para buscar conxuntamente unha solución adecuada, na que non debería descartarse a convocatoria dun concurso de ideas.

Polo que se propoñen as seguintes PROPOSTAS:

1.- O Pleno acorda a elaboración dun Plan Especial para o tratamento de tódalas medianeiras da cidade, con especial incidencia nas traseiras da Igrexa da Peregrina.

2.- O devandito Plan terá carácter plurianual, debendo estar finalizado no actual mandato municipal.

3.- Para a súa realización contemplárase (a partir do presente ano 2000) nos Presupostos municipais a dotación económica correspondente.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Roberto Taboada Rivadulla, portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, el cual manifiesta que esta es la cuarta iniciativa que presenta el grupo municipal socialista en este Pleno con la idea de hacer un paquete de iniciativas que marquen un proyecto y unos objetivos de cara a este mandato municipal, porque evidentemente todo el espíritu está en ese plan plurianual o en ese tiempo en que se van a llevar a cabo estas obras; la iniciativa que tiene el honor de presentar en representación de su grupo es referente a las medianeiras pero no va a extenderse en ello porque cree que todo el mundo sabe cual es la situación de las medianeras en esta ciudad, especialmente las traseras de la Iglesia de la Peregrina que mereceran un especial tratamiento y es un tema ya tratado pero que nunca se ha llevado a cabo y que está contemplado en el Plan General y considera que es oportuno que en este mandato por lo menos se lleve un plan de actuación en todas las medianeras de este municipio; quiere agradecer el apoyo prestado a esta moción y a las anteriores por el Partido Popular y el grupo de gobierno, pero no quisiera dejar pasar esta ocasión para hacer algunos comentarios sobre la intervención del portavoz del Partido Popular, pues hay frases que parecen muy llamativas y muy contundentes, pero que evidentemente destilan

un poco el piso ideológico que tiene el Partido Popular, porque dice que el grupo socialista se vende por cuatro platos de lentejas y que hasta el más tonto le hubiese cambiado cuatro mociones por la operación de crédito e entiende que lo diga, porque desde el punto de vista ideológico de la derecha siempre ven el ámbito mercantilista, pero la realidad es que no se venden por un plato de lentejas, lo hubieran hecho gratis, pues esta operación de crédito planteada por el equipo de gobierno es para mejorar y para hacer obras de urgencia social que tantos años llevan demandando los ciudadanos y que tienen escritos donde lo llevan pidiendo desde hace muchos años, para Lárez, Xeve, Campañó, Monte Porreiro o Estrivela, por tanto lo hacen gratis, no se venden por nada, simplemente es un planteamiento de mociones de cara al futuro, porque quieren administrar el presente y el futuro, el grupo popular que administre el pasado que en todo caso es de donde vienen, pero el grupo socialista claramente está apostando por el futuro, su problema no es ahora cuantificar, lo harán dentro de un tiempo, pues no hay plazos, en todo caso hoy hay que marcar proyectos y objetivos, no están pensando en el dinero, no están pensando en las lentejas ni en el cambio de cromos, porque no se trata de ser más listos o más tontos para cambiar mociones por operaciones de crédito, pues lo hubieran hecho absolutamente gratis sin presentar ninguna moción, porque también es su planteamiento en estos temas, quieren que esta sea la legislación de las parroquias y están de acuerdo con esta operación de crédito y se harán más si es necesario y estarán de acuerdo en ello y, por supuesto, no solamente en estos cuatro barrios, porque esto es un primer avance, por lo tanto no debe preocuparse el señor Pedrosa, aunque comprende que esté molesto y que no le guste que el grupo socialista pueda aproximar cuestiones de cara a llegar a acuerdos, pero creyó que no se iba a aprovechar esta coyuntura en el Pleno para hacer un poco de demagogia electoral y que iba a ser una aprobación normal, su grupo va a aprobar la moción que ha presentado el grupo popular, que por supuesto tampoco cuantifican, porque tampoco dicen cuanto hay que invertir y lo ponen a lo largo del tiempo y le parece razonable porque también está en el mismo espíritu con el que plantearon sus mociones, por lo tanto cree que el señor Pedrosa no tiene razón, comprende que esté molesto y que quiera buscar un titular para mañana, pero es evidente que la posición del grupo socialista no es cuantificar cosas sino resolver problemas sociales y dar pasos en ese sentido.

A continuación intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, para decirle al señor Taboada que no se enfade, que debe tomarse las cosas con cierta filosofía, dice que estarían encantados de hacerlo gratis y que no lo hacen porque sea electoralismo, el electoralismo resulta que ahora es el del Partido Popular, no es el suyo al presentar las cuatro mociones y aprobar la siguiente operación de crédito, a la vista de eso hace una pregunta muy sencilla ¿por qué no aprobaron los Presupuestos en diciembre

en tempo e forma? si al fin e al cabo los Presupostos iban cargados con mochas máis inversións que estos 400 millóns, por lo tanto, si tanto lo quieren facer gratis e non quieren electoralismos, tiveron oito meses para aprobar los Presupostos de este Ayuntamiento.

De novo intervén o señor Taboada Rivadulla para decirlle al señor Pedrosa que agora aprobarán los Presupostos, pero que él sabe perfectamente porque non se han aprobado esos Presupostos en tempo.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, acorda aproba-la moción nos seus propios termos.

9.- MOCIÓN DO PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á REDACCIÓN E POSTERIOR EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE RECUPERACIÓN INTEGRAL DO RÍO DOS GAFOS E CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE LINEAL.

Dáse conta de moción do Portavoz do grupo municipal do Partido Popular, relativa á redacción e posterior execución dun proxecto de recuperación integral do río dos Gafos e construcción dun parque lineal, que di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A recuperación integral do río dos Gafos e a construcción do Parque Lineal, ó seu paso polo casco urbano, desde as proximidades da estación de Autobuses ata a súa desembocadura na ría, é un dos proxectos máis ambiciosos que o Concello de Pontevedra pretendeu nos últimos anos, a iniciativa do goberno do Partido Popular durante o mandato anterior, e que conta cunha dobre finalidade, medioambiental e social.

A vontade política do Partido Popular para levar a cabo este proxecto quedou patente tanto no programa electoral con que esta formación política concorreu ás eleccións municipais de 1995, como na dotación presupostaria de 150 millóns de pesetas incluída no Presuposto xeral de 1998 para este fin.

A apertura do expediente correspondente para iniciar los trámites administrativos pertinentes, establecendo contactos coas distintas administracións que se ven implicadas no desenvolvemento deste proxecto, foi outra mostra máis desa vontade política do Partido Popular para levar a cabo a recuperación integral do río dos Gafos e o seu Parque Lineal.

O silencio administrativo nalgúns casos, e o cambio de goberno producido en xuño de 1999 levou á paralización deste expediente.

Por considerar que se trata dun proxecto dunha incidencia social sobresaínte que, indubidablemente, contribuirá a melloral-la calidade de vida dos cidadáns e á integración urbanística de mochos elementos dispostos ó longo dos tres quilómetros de curso do río e, avaliada a súa conveniencia pola solicitude formulada polas Asociacións de Veciños Río dos Gafos, San Roque, San José de Campolongo, Estrigueiras e Eduardo Pondal, é polo que o grupo municipal do Partido Popular propón para a súa aprobación no Pleno da Corporación do próximo sábado a se-

quinte

MOCIÓN:

1.- O goberno municipal comprométese a retoma-lo expediente aberto durante o anterior mandato do Partido Popular para dá-los pasos necesarios encamiñados á redacción e execución do proxecto de recuperación integral do río dos Gafos e a construción do Parque Lineal ó seu paso pola cidade.

2.- O goberno municipal levará a cabo o concurso necesario para contrata-los servicios encamiñados a determina-la titularidade das distintas fincas afectadas no curso do río sobre o que se pretende a actuación.

3.- Constatada a titularidade dos terreos afectos, o goberno municipal comprométese a habilita-la partida presupostaria necesaria para, se fora necesario, levar a cabo as expropiacións pertinentes que permitiran a actuación.

4.- O goberno sacará a concurso o proxecto e a execución das obras para materializar esa actuación que entraña unha vertente urbanística e medioambiental de inmenso valor para a cidadanía.

5.- Finalmente comprométese a dota-la partida presupostaria necesaria para a súa execución acudindo tanto ás arcas municipais como a outras administracións que poidan contribuír ó desenvolvemento desta actuación con carácter medioambiental.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, o cal manifesta que presenta hoy esta moción porque está convencido de que es bueno y lo hace porque cinco Asociaciones de Vecinos, Río de los Gafos, San Roque, San José de Campolongo, Estrigueiras y Eduardo Pondal, dirigieron un escrito, supone que a todos los portavoces, donde pedían que se apostase por la recuperación integral del río de los Gafos y la construcción del parque lineal, el Partido Popular considera que es probablemente uno de los proyectos más ambiciosos que el Ayuntamiento de Pontevedra puede acometer, que ya se planteó en los últimos años en el mandato anterior a iniciativa del gobierno del Partido Popular y que la voluntad política de llevarlo a cabo quedó patente, no sólo porque lo llevaban en el programa sino porque se dotó presupuestariamente con 150 millones de pesetas, que siguen en Presupuesto y que no se han gastado y que se inició la apertura del expediente correspondiente con los distintos trámites administrativos previos, trámites que no tuvieron fruto, unas veces por el silencio administrativo de otras administraciones y porque cogió también el cambio de gobierno el año pasado y, aunque reconoce que es un expediente complejo, considera que no debe eso hacerles desistir de él y que al contrario debe de obligarles a poner todo el empeño en conseguirlo; la moción que presenta pretende que el gobierno municipal se comprometa a retomar el expediente abierto durante el mandato anterior, que se den los pasos necesarios para la redacción y ejecución del proyecto correspondiente, que se lleve a cabo el concurso necesario para contratar los servicios mediante los cuales se pueda identificar

la titularidad, las dimensiones, valorar lo que puede costar expropiar las distintas fincas, etc., que todo eso se puede hacer con esa partida inicial de 150 millones de pesetas y que una vez hecho esto se valoren los terrenos a expropiar, se comience por la expropiación, se encargue en concurso de proyectos, se elija el que se quiere para esta recuperación y luego en función del dinero que vaya habiendo en los Presupuestos o del que se consiga de otras Administraciones se pueda dividir en varias fases el proyecto e ir expropiando algunos terrenos o expropiar primero todo, según vaya viéndose sobre la marcha, pero considera que es importante un empuje por parte del gobierno municipal para llevar adelante este importantísimo proyecto.

A continuación intervén don Roberto Taboada Rivadulla, portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, diciendo que, como ya ha adelantado anteriormente, va a apoyar esta moción que presenta el Partido Popular sobre esta propuesta estrella que en 1997 y 1998 se había planteado y que no se pudo cumplir en su momento y que sin duda van a intentar entre todos consensuadamente, pues le parece oportuno que los grandes temas, los grandes proyectos para esta ciudad, se lleven con el apoyo institucional más amplio posible, cree que es el espíritu que hay en esta Corporación o por lo menos el que se transmite a través del equipo de gobierno y por supuesto a través del grupo municipal socialista y todas estas propuestas que sean de interés general y que además van a beneficiar, como es este caso, una actuación para preservar y revalorizar el medio ambiente del río de los Gafos y a poner en valor un espacio de gran calidad, sin duda van a tener siempre su apoyo; a ver si en este mandato por lo menos se ponen las armas fundamentales para inciar lo que sin duda va a ser un proyecto amplio, ambicioso y que va a llevar distintas fases y distinto tiempo y si se ponen en estos momentos las medidas para empezar y para hacer actuaciones importantes durante estos cuatro años, cree que se da un gran paso.

Seguidamente intervén en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, dicindo que é espírito reiterado e demostrado en intervencións deste grupo de goberno o de aceptar absolutamente todas as propostas se se entende que son boas para este Concello, veñan de asociacións de veciños, dos grupos políticos da oposición, dos que sosteñen este goberno ou de quen sexa e este é o caso, pero non é so. iso senón que, neste caso concreto, con toda sinceridade ten que agradecer ó Partido Popular que a moción veña nuns termos tan aquilatados e tan prudentes; este goberno cando tomou posesión, en concreto este Tenente de Alcalde, intentou mirar que se podía facer de maneira inmediata nese ámbito que estaba en marcha, intentouno por varios sitios e chegou ó mesmo convencemento que parece que chegara o señor Pedrosa no mandato pasado, que nun prazo temporal moi curto é moi difícil ou imposible facer nada, por tanto hai que retomalo tema e facelo con calma e como se debe facer, o único que

puido facer foi meterlle unha boa limpeza e controla-los vertidos, cousa que se está a facer, incluso intentaron o que acaba de propoñer o señor Pedrosa neste Pleno, que non está na moción, que e utilizar eses 150 millóns para o estudio, pero está no capítulo VI a crédito e o outro iría no capítulo II, só se podería contrata-lo proxecto de obra, pero para iso teñen que estar os terreos, entón hai estas dificultades e o agradece sinceramente porque aquí a única diferenza que podía haber era na premura que poden te-los colectivos veciñais de que iso se faga xa e parece, ó non poder facelo, que non hai vontade e non é certo, hai vontade de facelo pero ten os seus trámites e na moción se recoñece que hai que mirar de quen son os rerreos, que hai que expropialos, parte deles están en conflito, incluso pleiteados, outros incluso de moi dubidosa titularidade, etc., desde logo van acometelo coa decisión necesaria para estes temas, porque leva moito tempo e hai que adicarlle moitas enerxías para que os resultados se vexan ó cabo do tempo, xa o estaban a facer pero a partir de agora se cabe lle dedicarán con máis aíncó, por tanto van votar a favor como xa fixeron na Comisión.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, acorda aproba-la moción nos seus propios termos.

10.- PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA: APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DE VARIOS ARTIGOS DA NORMATIVA URBANÍSTICA INTEGRANTE DO PXOU.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo á aprobación inicial da modificación puntual de varios artigos da normativa urbanística integrante do Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, o cal manifesta que se trata dun tema coñecido, polo menos antigo dentro do pouco prazo que leva a nova Corporación, pois isto debeu empezar no mes de setembro e fundamentalmente é unha modificación profunda da normativa do Plan Xeral de Ordenación Urbana que non afecta a edificabilidades, pero afecta a aspectos tan importantes ás veces como a edificabilidade, é unha modificación que ten moitísimos aspectos e que non vai facer polo miúdo, pero polo menos nos seus grandes eixes, por un lado aumenta a obrigatoriedade do número de prazas de garaxe nos edificios novos que se fagan, pois se estaba a detectar que o ratio é de máis dun vehículo por familia, por tanto como non se estaba a satisfacción se aumenta o numero de prazas de garaxe, se contempla a posibilidade de que nas novas unidades de actuación se poidan facer garaxes debaixo dos viais secundarios, que foi a incorporación de última hora que lle parece moi positiva no sentido de ir creando sitios nos que se poidan mete-los coches e que non estean invadindo tódolos espacios os propietarios de vivendas, ten unha parte de aspecto de estética urbana moi importante, como é a supresión de certas posibilidades, que non dereitos, que daba

o Plan Xeral de Ordenación Urbana, como eran os depósitos aéreos de propano encima da cuberta, a partir de agora as cubertas volverán ser o que se entendeu sempre por unha cuberta e non toda unha serie de setes para arriba e para abaixo dun aspecto desastroso, porque evidentemente co prezo que collen os solares o constructor quere aproveitar ó máximo tódalas posibilidades que hai e ó final queda absolutamente horroroso, con iso se sabe que non se vai poder facer a partir de seis meses da aprobación definitiva, ou sexa que non se trata de prexudicar a ninguén senón de darlle mellor aspecto á cidade dunha maneira prudente pero firme; contempla por exemplo a posibilidade, ata agora non recollida en lado ningún, de antenas para telefonía móbil, aunque haberá que regulalo máis especificamente, pero por agora non había esa posibilidade; con respecto ás fachadas suprime eses saíntes dun metro todos iguais que dan un aspecto á cidade de mampara corrida e volve recuperalo espírito da galería e da fachada articulada, o espírito deses edificios tan bonitos que había hai trinta ou corenta anos, que irán nos edificios novos que se fagan e parte que xa están a face-los promotores sacrificando algunha edificabilidade que tiñan, pois da un aspecto moitísimo máis bonito, mellora as normas de accesibilidade de garaxes e de corredores que nalgúns edificios estaban a ser francamente deficientes; aumenta, de acordo coas novas tendencias en instalacións e demais, a altura libre entre plantas para que haxa máis altura para estar dentro dunha casa e para que se poidan poñer os servicios por arriba ou se poida xogar con eses altos sen aumentala edificabilidade, simplemente a altura entre plantas e despois toda unha serie de aspectos non menores pero que eran os que se detectaran; xa foi, que non era obrigatorio, a dictame previo da Consellería de Política Territorial, onde se detectaron algúns erros que están xa correxidos, é un trámite adiantado, aínda que terá que volver a ir, pero pediría desde logo o voto unánime porque cre que é unha modificación necesaria, que e avanzada en urbanismo dentro das limitacións de non facer unha revisión do Plan senón simplemente unha adaptación e que este tipo de medidas quedan de por vida e aplicadas en anos sucesivos van cambiar polo menos as partes novas da cidade, van cambia-la comodidade para os habitantes, a estética xeral e a funcionalidade dos propios edificios; é unha modificación que levou uns trámites moi longos, foi a Comisión moitas veces, agora xa sen rixidez no sentido de que se foron recollendo tódalas aportacións do Colexio de Arquitectos, dos constructores de tódolos grupos durante un período largo e agora aínda quedaría a posibilidade de introducir algunha modificación que non fora substancial no período de exposición ó público, por tanto cre que é unha boa solución, aínda que evidentemente non soluciona tódolos problemas, pero as que se aceptan cre que serán boas solucións, sempre mellorables, por iso pide o apoio de toda a Corporación para esta modificación.

A continuación intervén don Guillermo Meijón Couselo, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas

de Galicia-PSOE, dicindo que en principio o seu grupo, como xa fixo en Comisión, vai votar positivamente estas modificacións e agradece a postura do equipo de goberno e a súa sensibilidade para pasar a moratoria de tres a seis meses que lles pareceu un prazo moito máis prudente, o que si quere manifestar é que terán que insistir en que este tipo de modificacións teñen que ser todavía máis participadas polos afectados do que están a ser, pois na última reunión que tiveron con promotores urbanísticos con motivo do borrador de Regulamento de planeamento que a Xunta trata de impor, quitando ademais gran autonomía ós concellos e en contra dos intereses destes, pode constatar que o grao de coñecemento que tiñan deste borrador de modificacións era tremendamente escaso, son pois elementos que terán que regular para tratar de que xa nos períodos previos á exposición pública poida haber moita máis información desde o Concello ás partes afectadas, certo é que, como ben dicía o señor Mosquera, queda o período de exposición pública e aí espera poder mellorar estas modificacións coas alegacións pertinentes, pois son modificacións importantes e moitas delas absolutamente necesarias, como as alturas entre plantas polos propios sistemas constructivos ou o regulamento dos soterrados e que isto poidan disfrutalo todos, e na parte estética espera que sexan os promotores e os usuarios os que configuren unha estética mellor, por tanto poden contar co seu voto favorable.

En representación do grupo municipal do Partido Popular, concédese a palabra a don Gerardo Zugasti Enrique, o cal manifesta que este tema desde el mes de septiembre ha ido varias veces a la Comisión de Urbanismo, desde el primer borrador que se presentó se ha estudiado con interés por parte de los tres grupos que componen la Comisión y se ha intervenido en lo que les ha parecido conveniente, lo que pasa es que abarca muchos temas muy dispares y es muy difícil que con tantos temas se vote unánimemente a favor o en contra de una modificación tan extensa como esta; están a favor de una serie de temas que presenta, como son la regulación de usos del subsuelo, el aprovechamiento bajo cubierta, la accesibilidad, etc, hay otras modificaciones que son adaptación a la normativa, como las normas de habitabilidad general, adaptación a la altura de las plantas, etc., sin embargo al llegar al capítulo de la regulación de los vuelos es donde su grupo discrepa del planteamiento que se hace, por dos motivos, en primer lugar se establecen criterios estéticos y cree que no tienen derecho, pues debían ser libres los diseñadores de establecerlos y no limitarlos con una normativa como la que en este caso se presenta, se dice que del total de vuelos el 40% de la superficie de la fachada podrá estar cerrada y el resto abierta y de ese 40% el 70% ha de ir acristalado, es decir el 28% de la fachada por definición tiene que ir acristalado y se pregunta por que tiene que ir acristalado el 28% y no el 35% o todo o nada, esa es la limitación a las normas estéticas que piensa que una institución como es un Ayuntamiento no tiene derecho a hacer; en segundo lugar, ya no es que afecte al diseño sino que afecta a

las pesetas, pues en un edificio tipo que podía establecerse de 20 metros de anchura de fachada en Pontevedra y bajo y seis plantas de altura, la limitación que se establece a cubrir los vuelos representa 72 m² menos de volumen habitable y edificable, respecto a la normativa que había hasta ahora, y estos 72 m² equivalen a la superficie de un apartamento, es decir que a un precio medio de venta de 175.000 pesetas metro cuadrado esto supondría 12.600.000 pesetas de menos en el valor de venta de este edificio tipo, que repercutirían en el valor de compra del resto de los pisos encareciendo su valor en una cifra que se puede estimar en un millón de pesetas por piso, porque hay una disminución de la oferta de edificabilidad respecto a lo anterior; ésto cree que es peligroso y que es un encarecimiento importante, por lo tanto debido a este punto se van a abstener en la votación, a pesar de estar de acuerdo en los puntos anteriores, pero este es el motivo de su abstención.

De novo intervén don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, dicindo que quere agradecer-la idea xeral de estar todos de acordo, pero este matiz é un pouco estraño, á parte non se dixo nada na Comisión por parte dos Concelleiros do PP e seguramente se podería aclarar alí, pois no Pleno nestes momentos non cre que sexa oportuno empezar a modificar; en canto ó que di o señor Zugasti que se perden 72 m² sobre un total de 3.000 dese solar tipo que puxo, hai que quita-los gastos de construción, porque soamente é o beneficio de 72 m² sobre un total de 3.000 m² que sería máis ou menos o que di, pois 20 por 20 son 400 por sete plantas e baixo cuberta son 3.000 m², están a falar dunhas cifras que debe ser algo así como o 0,2%, ou sexa, por un lado realmente unhas cifras moi baixas, por outro lado as contas é imposible facelas así porque un constructor cando compra un solar o que conta é a edificabilidade que ten, entón posiblemente podía repercutir na baixa do solar e baixar 1, 0,5 ou 2% tampouco lle ía afectar especialmente e, en terceiro lugar, o Partido Popular está de acordo, por iso di que debe ser porque non se falou na Comisión e posiblemente cre que debe ser un erro, porque por exemplo acumular o 30% de bufardas que desaparece iso si suporía como 120 m² ou bastante máis nun edificio tipo e iso si que se suprime e din que están de acordo, pero cando se dictaminou na Comisión igual por falta de tempo houbo esa discrepancia; en canto os criterios estéticos non se meten, pois esta normativa a teñen varios Concellos, Vilagarcía a ten exactamente igual, precisamente o que hai que dar é liberdade estética e iso é o que se pretende, pois se un promotor compra contando que ten que facer un metro de saínte, porque xa llo repercuten no prezo do solar, pois fai un metro de saínte e aí non hai liberdade estética ningunha, pero se cando compra o solar sabe seguro que a maioría da fachada ou a metade non a vai poder cerrar entón xa paga segundo ese prezo e a partir de aí o arquitecto e o promotor teñen a liberdade de facer como mellor lles pareza, o que abre isto é a liberdade para poder xogar coa estética do edificio, non se pon ningún criterio estético e tal como estaba ata agora precisamente

o que prohibe por motivos económicos é articula-la fachada e facela bonita, en cambio agora dá a posibilidade pois non pon a rixidez de que sexa o 40% cada planta senón en toda a fachada e de feito hai exemplos de colocación deses elementos, galerías, etc., en Pontevedra de cando se facía boa arquitectura e hoxe se fai pero con esas limitacións e precisamente, como se volve a facer boa arquitectura, o que hai é que espoleala e cortarlle a posibilidade de que quede todo pechado por obrigas do mercado e lle parece que se isto se expuxera en Comisión se podería resolver, tampouco é criterio do grupo de goberno que teña que se-lo 40% do 70%, pode se-lo 45% ou o 50%, pois preferían que saíra por unanimidade, pero a estas alturas parece que xa teñen tomada a decisión, en todo caso cara á aprobación definitiva poderan volver a falar con máis calma e sacalo da mellor maneira posible.

Volve a intervir o señor Zugasti Enrique, dicindo que efectivamente en cuanto a la limitación estética, como dijo en su primera intervención el señor Mosquera, ya muchos de los promotores están sacrificando libremente esa edificabilidad total que tienen, porque se han dado cuenta que esto va en aras de una mejor estética y de una mejor promoción de las viviendas que están haciendo en Pontevedra, por tanto si se está dando ese hecho, en primer lugar ¿por qué se va a limitar más estableciendo unos porcentajes fijos?, en segundo lugar, en cuanto a la limitación de la superficie edificable por las buhardas, la superficie edificable sigue siendo la misma, lo que pasa es que no tienen la elevación sobre la cubierta, pero no afecta en realidad a la superficie edificable y aunque afectara esto sería a mayores, por lo cual las dos cosas sumadas representarían un aumento del valor de los pisos que insiste que repercutiría en los ciudadanos de Pontevedra.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o expediente administrativo incoado de oficio por esta administración municipal para a Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana en diversos artigos da súa normativa referentes a condicións de habitabilidade, alturas, uso de aparcamento, réxime do subsolo, espazos baixo cuberta de edificacións, voos sobre vía pública, accesibilidade a espazos, elementos comúns e portais e unificación de criterios na regulación das ordenanzas da zona central e residencial intensiva, entre outras, esta Secretaría Xeral, en cumprimento do disposto no artigo 3º.b) do Real Decreto 1174/1987 que impon ó Secretario da Corporación o deber de informar preceptivamente naqueles asuntos que requiran na súa aprobación unha maioría especial como son a aprobación inicial do planeamento xeral e, por tanto as súas modificacións, así como a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos planes e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, por imperativo do artigo 47.3.i) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción con-

ferida pola Lei 11/1999, de 21 de abril e artigo 54.1.b) do Texto Refundido de Disposicións en materia de Réxime Local, Real Decreto 781/86, emite o seguinte informe:

RESULTANDO acreditados os seguintes FEITOS:

1º.- A requirimento do Sr. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente e Presidente da Comisión Informativa Municipal de Urbanismo de data 17/8/99, como consecuencia da reunión dese órgano informativo de 4 dese mes na que se dictaminou a interpretación do artigo 181 do Plan Xeral sobre autorización de casetóns de ascensor sobresaíndo sobre o espacio baixo cuberta, adoptado polo Pleno da Corporación na súa sesión de 28/8/99, o Sr. Arquitecto Xefe da Oficina Técnica Municipal de Disciplina Urbanística (antes Servicio Municipal de Xestión e Disciplina Urbanística) procedeu, o pasado 15 de setembro de 1999, á redacción dun informe ou proposta de modificación puntual do Plan Xeral Municipal de Ordenación sobre diversos artigos da súa normativa.

2º.- En sesións dese día e de vintedous de setembro, a Comisión Informativa Municipal de Urbanismo abordou o estudio e análise do anteproxecto, redactándose o documento definitivo polo Arquitecto Xefe da O.T.D.U. o 16/11/99. Na reunión desta Comisión do dezasete dese mes examinouse o documento, dictamándose en sentido favorable, pola maioría dos membros deste órgano municipal informativo, na reunión do vintecatro de novembro.

3º.- De acordo co dictame, a Tenencia de Alcaldía da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, en oficio de 1/12/99, e en cumprimento do establecido na lexislación sobre réxime do solo e ordenación urbana en vigor na nosa Comunidade Autónoma, remitiu copia íntegra do expediente á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo para o seu informe, tendo entrada o expediente no Rexistro da súa Delegación Provincial en Pontevedra o 9/12/99.

4º.- O pasado día 16/2/2000, recibíuse o informe requirido, subscrito polo Conselleiro da C.P.T.O.P.V. en data 28/1/2000 e efectuando as seguintes observacións textuais:

"1. A nova redacción do artigo 36, polo que respecta á consideración dunha vivenda como exterior, pode resultar de menor esixencia que o Anexo do Decreto 311/1992 polo que cómpre axustala.

2. Na regulación do uso do subsolo, e respecto das zonas baixo viario público e espacios libres e zonas verdes, cómpre acoutar o alcance dos termos "instalacións e servizos xerais" e "instalacións de interese xeral", que resultan inconcretos, podendo exceder-las límites da posibilidade de uso definida no artigo 11.1.f) da LSG. Polo mesmo motivo, non procede permitir, nesas mesmas zonas, a ubicación de almacéns municipais.

3. Deberá aclararse o contido e alcance do incremento de fondos edificables ó que se refire o cuarto parágrafo do artigo 185 bis. Deberá realizarse unha análise cuantitativa sobre o incremento da intensidade de uso que tal modificación impli-

ca, e dar cumprimento ó disposto no artigo 50.2 da LSG. Igualmente, deberán axustarse tódalas determinacións gráficas e escritas do Plan vixente que se vexan afectadas polo devandito incremento.

4. Ademais do expresado, detéctase unha contradicción entre as cifras referidas no punto 8 do artigo 60; igualmente no apartado 4.2 semella existir un erro nas referencias numéricas a outros apartados.

Tras os oportunos trámites e inmediatamente antes da súa aprobación definitiva, someterase o expediente a informe desta Consellería en cumprimento do disposto no artigo 42.5 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia".

5º.- Remitido o expediente ó Sr. Arquitecto Xefe da Oficina Técnica de Disciplina Urbanística o 23 de febreiro redacta un texto refundido da modificación do Plan, recollendo as observacións da Consellería de Política Territorial, co fin de que se proceda á aprobación inicial deste documento.

CONSIDERANDO de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.- O artigo 38 da Lei 1/1997, de 24 de marzo (LSGA) do Solo de Galicia, dispón que os planes xerais de ordenación municipal, e, por conseguinte, as súas modificacións formularanse polos Concellos respectivos. Asemade, no seu artigo 4.4. determina que na formulación, tramitación e xestión do planeamento urbanístico, as Administracións Públicas competentes deberán asegura-la participación dos interesados e, en particular, os dereitos de iniciativa e información por parte das entidades representativas dos intereses que resulten afectados e dos particulares.

II.- O artigo 50 L.S.G.A. e art. 161 do Regulamento de Planeamento Urbanístico, Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuno, declarado en vigor pola Disposición transitoria terceira LSGA e Real Decreto 304/1993, de 26 de febreiro, establecen que "as modificacións de calquera dos elementos dos Planes, Proxectos, Programas, Normas e Ordenanzas suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa formación e aprobación", polo que conseguintemente, e de conformidade co determinado no artigo 42 LSGA da L.S. e arts. 126 e seguintes do R.P. corresponde a esta administración municipal a aprobación inicial desta modificación por afectar unicamente ó seu término municipal.

III.- A Lei 7/1995, de 29 de xuño, de delegación e distribución de competencias urbanísticas nesta Comunidade Autónoma, e tamén a LSGA nos seus artigos 8 e 42, respectivamente, establecen que rematada a fase de elaboración do planeamento e antes da súa aprobación inicial, o expediente completo seralle remitido para o seu informe á Consellería competente en materia urbanística, que deberá emitilo no prazo dun mes, pasado o cal poderá o Concello segui-lo procedemento. Así mesmo non estarán suxeitos á aprobación provisional e procederase directamente á aprobación definitiva unha vez realizado o informe preceptivo e vinculante da citada Consellería, que haberá de

evacuar, concluída a tramitación do plan e inmediatamente antes da aprobación definitiva, con este fin o Concello dará traslado á Consellería competente en materia urbanística do contido íntegro do plan xunto co expediente completo tramitado, para que no prazo de tres meses a partir da recepción do expediente completo no citado organismo.

Por outra parte, o artigo 43.2. esixe que simultaneamente ó trámite de información pública, o Concello solicite informe da Deputación Provincial que se entenderá favorable se non se emitise no prazo dun mes.

IV.- O artigo 41.3 LSGA determina que a Consellería de Política Territorial dispón dun mes para emitir o informe á elaboración do planeamento antes da súa aprobación inicial, emitíndose o citado informe, tal e como se relatou no Antecedente de feito 4º.

V.- A aprobación inicial ten un carácter de trámite unánimemente recoñecido pola doutrina e xurisprudencia, se ben, este é esencial, en canto inicia o procedemento e ademais, no sentido de que a súa omisión, ou incluso incorrecto cumprimento, provocan un vicio determinante da anulabilidade do procedemento (art. 63 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común). Á súa vez este acto de aprobación inicial, implica unha toma de posición sequera de carácter inicial, respecto dunha determinada realidade urbanística e a súa normativa.

VI.- Os arts. 42.1 L.S.G.A. e 128 R.P., prevén que co acordo de aprobación inicial adoptárase o de apertura do trámite de información pública, difundido mediante anuncio que se inserirá no D.O.G., B.O.P. e nun dos periódicos de máxima circulación na provincia, durando como mínimo un mes, e no devandito período quedará o expediente a disposición de calquera que desexe examinalo podéndose deducir as alegacións pertinentes.

VII.- O acordo de aprobación inicial, segundo o art. 127 do R.P., terá que se adoptar cos requisitos e finalidades previstas para os actos en xeral desta Corporación, de tal modo que o órgano competente para outorga-la aprobación inicial é o Pleno, artigos 22.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na redacción conferida pola Lei 11/1999, de 21 de abril, 64.2.c) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e art. 50.20 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, co quórum esixido polo art. 47.3.i) da referida Lei 7/1985, é dicir, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e coa abstención de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular), que representa a maioría absoluta do número legal dos seus mem-

bros, e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación inicial ó proxecto de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana, formulado por esta administración municipal e redactado polo Arquitecto Xefe da Oficina Técnica Municipal de Disciplina urbanística (S.X.D.U.) en data 23/2/2000, no que concierne a diversos artigos da súa normativa referentes a condicións de habitabilidade, alturas, uso de aparcamento, réxime do subsolo, espazos baixo cuberta de edificacións, voos sobre via pública, accesibilidade a espazos, elementos comúns e portais e unificación de criterios na regulación das ordenanzas da zona central e residencial intensiva, documento redactado nos termos do informe emitido o pasado 28 de xaneiro polo Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- Dispoñe-la introducción no texto do proxecto de modificación do planeamento de ordenación integral, como instrumento de natureza normativa que é, dunha Disposición Adicional e outra Transitoria, regulando a primeira a situación das edificacións existentes construídas conforme ó Plan Xeral, tras esta modificación puntual, e a segunda sobre compatibilidade temporal entre ambas ordenacións edificatorias para lograr o seu xeral coñecemento e evitar alteración de procesos urbanísticos:

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: Os edificios e instalacións erixidos ou en construción, baixo as determinacións do Plan Xeral de 18/12/1989 e as súas modificacións puntuais, conformes coas súas determinacións urbanísticas, decláranse dentro de ordenación, manténdose os construídos conforme a anteriores planeamentos, en réxime de fóra de ordenación ou non, de acordo co contido de ordenación urbanística determinada no P.X.O.U.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA: Os edificios e instalacións construídos baixo as determinacións do P.X.O.U., pero con licenza outorgada por terse solicitado no prazo sinalado na Disposición Transitoria seguinte, considéranse dentro de ordenación a calquera efectos urbanísticos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA: As determinacións de planeamento contidas no presente procedemento de Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana, unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal, entrarán en vigor, despregando a súa eficacia e executividade, na forma establecida pola lexislación de réxime local e do solo e ordenación territorial.

Non obstante, os proxectos técnicos de edificación ou rehabilitación de edificios e instalacións, presentados en solicitude de licenza ante este Concello e visados polos Colexios profesionais respectivos, con anterioridade ou dentro dos tres meses seguintes á súa entrada en vigor, resolveranse conforme á normativa do P.X.O.U., na redacción conferida pola Orde aprobatoria de 18/12/89 e sucesivas modificacións puntuais,

no caso de axustarse ás súas determinacións. As licencias solicitadas nese prazo, ó amparo do réxime ordenatorio desta modificación puntual, concederanse de acordo coas súas estipulacións.

Transcorridos tres meses desde a súa entrada en vigor, as licencias concederanse exclusivamente de acordo coas determinacións desta modificación puntual.

TERCEIRO.- Dispoñe-lo sometemento a información pública deste expediente por prazo dun mes mediante a publicación de anuncio no "Diario Oficial" de Galicia, "Boletín Oficial" da Provincia, Taboleiro de Edictos do Concello e nun dos periódicos de maior circulación da provincia, a efectos de que durante dito período poidan formularse as alegacións e suxestións pertinentes, computándose o momento inicial do prazo de alegacións a partir da inserción do anuncio no "Diario Oficial" de Galicia.

CUARTO.- Interesar, durante o período de información pública do expediente, informe da Excm. Deputación Provincial e conceder audiencia ós seguintes Organismos, ó obxecto de que remitan este acordo ós diversos órganos periféricos das súas respectivas Administracións Públicas ou ben formulen as correspondentes alegacións ou emitan os seus oportunos informes, mediante a notificación deste acordo, podendo durante o referido prazo, examinar no Concello o expediente:

- Delegación do Goberno Central en Galicia.

- Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia.

11.- ESTACIONAMENTO SUBTERRANEO NO MERCADO CENTRAL DE ABASTOS: RESOLUCIÓN DO CONCURSO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA CONSTRUCCIÓN E SUBSEGUINTE EXPLOTACIÓN, NA MODALIDADE DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA, DUN ESTACIONAMENTO SUBTERRANEO NO MERCADO DE ABASTOS E VIAIS PERIMETRAIS.

Dáse conta do dictame favorable por maioría da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio á resolución do concurso convocado para a contratación da construción e subseguinte explotación, na modalidade de concesión administrativa, dun estacionamento subterráneo no Mercado de Abastos e viais perimetrais.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, quen manifiesta que é un trámite máis dentro do camiño de trámites, obras e actuacións que hai que facer para sacar adiante este proxecto tan ambicioso, tan importante e tamén que ten dificultades, como é o estacionamento subterráneo debaixo da Praza de Abastos; no seu momento tomouse a decisión por parte desta Corporación de que era oportuno intentar facelo e que había que intentar sacalo para adiante, se iniciaron os trámites e estanse a levar no prazo máis ou menos previsto cos pequenos retrasos iniciais e hoxe o que ven aquí é resolve-lo concurso que se convocou no Pleno extraordinario de novembro, ó que só se presentou unha empresa e polo tanto trátase de adxudicalo.

Seguidamente intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, diciendo que su grupo se abstuvo en la aprobación del pliego de condiciones técnicas y cláusulas administrativas en base a toda una serie de argumentos que fueron ampliamente explicados en ese Pleno por este portavoz y que evidentemente ahora no va a repetir; hoy simplemente se trae a Pleno la resolución del concurso convocado, al que sólo se presentó la empresa adjudicataria de las obras del Mercado, algo que ya comentó de alguna manera en aquel Pleno cuando dijo que el concurso tenía nombre y apellidos y el tiempo vino a darle la razón; del estudio del único proyecto presentado queda claro que va a ser un aparcamiento poco generoso, con plazas gran parte de ellas pequeñas, con unos accesos difíciles a las plazas, tiene pasillos solamente de 5 metros y con poco número de plazas, pues le parece recordar que son 242, y lo que incluso es peor, se teme que con un equilibrio de la concesión difícil de mantener, pero eso con el tiempo se irá viendo; el Partido Popular de todas formas tiene que decir aquí, como ya dijo en el Pleno anterior, que se alegra de que la Plaza de Abastos cuente con un aparcamiento en el subsuelo, aunque también es cierto que se teme, y también el tiempo lo demostrará, que con todos los cambios que esto supone en el Mercado, como es pasar los frigoríficos al sótano y todas las modificaciones hechas, costará al final 100 ó 200 millones de pesetas más a los pontevedreses, pero no cabe duda que a lo mejor vale la pena que los cueste y que se tenga ese aparcamiento; incluso van a ver también, y el tiempo lo irá diciendo, como las obras no se pueden ajustar a los plazos en los que se licitaron y en los que se presentaron, pues posiblemente se retrasan más, algo que repite que no es bueno para la zona monumental, pues ya lo están sufriendo con la inactividad del Mercado y con la peatonalización, que siempre dijo que fue precipitada, a pesar de todo ello evidentemente lo que hoy se trae al Pleno es simplemente la resolución de un concurso, al que además sólo se presenta una única empresa, por lo cual va a votar a favor.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación o proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o expediente tramitado para a concesión da obra pública para a construción dun aparcamento subterráneo e subseguinte explotación, no subsolo do mercado de abastos e viais perimetrais, resultan acreditados os seguintes

ANTECEDENTES:

1º.- O Pleno da Corporación en sesión de data 30 de novembro de 1999, prestou aprobación ós pregos modificados de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexerán o concurso, dispoñendo que se someteran a información pública mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de trinta días hábiles; igualmente prestouse aprobación ó expediente de contratación da concesión de obra pública, dispoñendo a apertura do proce-

demento aberto para a súa adxudicación mediante concurso, anunciando a convocatoria da licitación no Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial da Provincia.

2º.- Con data de 13 de decembro de 1999 publicouse no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P. nº 237) o anuncio de información pública dos pregos e o expediente así como o anuncio de licitación das obras, o cal publicouse tamén no Diario Oficial de Galicia nº 248 de data 27 de decembro de 1999, certificándose polo Sr. Vicesecretario que durante o prazo de información pública non se formulou reclamación ningunha; certificándose, igualmente, que durante o prazo de licitación presentouse a seguinte oferta: ás doce horas e vinte e un minutos do día sete de febreiro, co número de entrada 3.389 presentada por INDEZA.

3º.- Con data 10 de febreiro do actual constituíuse a Mesa de Contratación ó obxecto de cualificar os documentos presentados no sobre "A", declarándose admitida a proposición presentada por INDEZA, reuníndose novamente a Mesa de Contratación o día 15 de febreiro ó obxecto da apertura da documentación técnica, oferta económica e exame do proxecto básico e de execución, acordándose pola Mesa solicitar informe ós Sres. Arquitecto e Enxeñeiro municipal.

4º.- O día 18 de febreiro de 2000 o Sr. Arquitecto municipal informou que despois de revisado o proxecto presentado ó concurso puidose comprobar que este, en principio, cumpre con tódalas condicións ou prescripcóns especificadas no prego de prescripcón técnicas aprobado sen que se observe incumprimento ou deficiencia algunha das condicións técnicas aplicables pola normativa técnica de aplicación, polo que se informa favorablemente o proxecto ós efectos oportunos.

5º.- O Sr. Enxeñeiro municipal emitiu informe no que se sinala que o estudio xeotécnico pon de manifesto que a execución do aparcamento proxectado é viable técnicamente; en relación co tráfico exterior, o acceso de vehículos realízase desde a Avda. de Buenos Aires, estimando que non incide de forma importante na circulación desta vía. En todo caso, se fose necesario, é factible reduci-la mediana actual no fronte do acceso de vehículos nunha lonxitude de 60 metros para ensancharlo espacio para circulación de vehículos. Permite a circulación e acceso de vehículos na rúa Julio Camba. Sinalase que o inicio da rampla de entrada debe desprazarse aproximadamente 3 metros para permiti-la entrada de carruaxes actual e situado fronte á rampla. A saída de vehículos é correcta e non interfere a circulación. En canto ás instalacións de electricidade, protección contra incendios e de ventilación considerándese adecuadas.

6º.- Reunida novamente a Mesa de Contratación en data 22 de febreiro de 2000, ó obxecto de efectuar proposta de adxudicación á vista dos informes técnicos, propoñéndose ó Pleno da Corporación a adxudicación da "CONCESIÓN DA OBRA PÚBLICA DE CONSTRUCCIÓN DUN APARCAMENTO SUBTERRÁNEO NO SUBSOLO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS, E SUBSEGUINTE EXPLOTACIÓN, PREVIA EXECUCIÓN

CIÓN", á empresa INDEZA, S.L., de acordo cos informes técnicos emitidos, por se-la única oferta presentada e cumpri-las de terminacións esixidas no prego.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- De conformidade co establecido nos arts. 82 e 83 da Lei 13/95 de Contratos das Administracións Públicas, e cláusulas decimonovena e vixésima do Prego modificado de cláusulas administrativas particulares, a Mesa de Contratación cualificará os documentos presentados en tempo e forma e procederá á apertura das ofertas admitidas propoñendo ó órgano de contratación a adxudicación do contrato á oferta máis vantaxosa, aplicando os criterios de selección do prego.

II.- O prego modificado de cláusulas administrativas particulares establece na súa cláusula vixésima que o órgano de contratación, recibida a documentación da Mesa de Contratación e evacuados os informes técnicos correspondentes, dictará alternativamente, dentro dos tres meses seguintes á apertura das proposicións económicas, resolución motivada adxudicando o contrato á proposición máis vantaxosa, sen atender exclusivamente ó seu valor económico, ou declarando deserto o concurso.

III.- O art. 94 da Lei 13/95 establece que a adxudicación debe ser notificada a tódolos participantes da licitación debéndose publicar a mesma no Boletín Oficial da Provincia.

IV.- A cláusula decimoctava do prego modificado de cláusulas administrativas particulares establece os criterios obxectivos para a selección do concesionario, de conformidade co establecido no art. 87 da Lei 13/95 de Contratos das Administracións Públicas, criterios que non se utilizaron pola Mesa de Contratación tendo en conta que a proposta de INDEZA, S.L. foi a única presentada e que segundo os informes técnicos cumpre tódolos requisitos esixidos nos pregos polo que non se necesitou aplica-los criterios de selección.

V.- Adxudicado o contrato, a empresa INDEZA, S.L., no prazo de quince días hábiles contados dende o día seguinte ó da notificación, deberá constituir na Caixa da Corporación garantía definitiva por importe equivalente o 4% do orzamento do proxecto básico e de execución ofertado e aceptado (17.999.979 pts) de conformidade co disposto no art. 37 da Lei 13/95.

VI.- Tendo en conta que a execución das obras, de acordo co compromiso de unión temporal de empresas presentado pola empresa licitadora, será realizada polas empresas INDEZA, S.L. e CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L., deberá requirirse a formalización da unión temporal de empresas en escritura pública, de conformidade co establecido no artº 24 da Lei 13/95.

VII.- Que é atribución do Pleno da Corporación a resolución do concurso convocado de conformidade co disposto no art. 22.1.f) da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réximen Local e cláusula vixésima do Prego Modificado de Cláusulas Administrativas Particulares.

VIII.- Corresponde ó Pleno da Corporación a aprobación da forma de xestión dos servizos públicos segundo establece o art. 22-1-f) da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Lo-

cal, modificada pola Lei 11/99, de 21 de abril, e artº 64.2 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, non esixíndose para a validez do acordo o voto favorable da maioría absoluta legal dos membros da Corporación tendo en conta que o orzamento estimativo da concesión non excede do 20% dos recursos ordinarios do orzamento.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Fazenda e Património, acorda:

PRIMEIRO.- Adxudicar á empresa INDEZA, S.L., a concesión de obra pública de construción dun aparcamento subterráneo no subsolo do Mercado de Abastos e viais perimitrais e subseguinte explotación, de acordo co proxecto básico e de execución presentado pola empresa e redactado polos arquitectos don Cesar Portela Fernández-Jardón e don Jaime Rodríguez Abelleira, e os enxeñeiros don Antonio Reboreda Martínez e don Luis Duran Ageitos, cun orzamento de 449.999.465 ptas., de acordo coa proposta formulada, que se transcribe a continuación, e con estricta suxeición ó establecido nos pregos modificados de prescripcóns técnicas e cláusulas administrativas particulares:

"1) Me comprometo, de resultar adjudicatario a la ejecución de las obras descritas en el PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN adjunto, que contiene la oferta técnica de la empresa que represento, con estricta sujeción a los Pliegos de prescripciones técnicas y de cláusulas administrativas particulares aprobadas por el Ayuntamiento como ley fundamental del contrato.

2) Las obras del proyecto de ejecución, se realizarán en el plazo máximo de NUEVE (9) MESES, y las obras de construcción de la estructura que permitan la reanudación de las obras del PROYECTO DE REFORMA INTEGRAL DEL MERCADO DE ABASTOS CINCO (5) MESES.

3) La concesión de la obra del aparcamiento y su siguiente explotación de las obras, tendrá una duración de CINCUENTA (50) AÑOS.

4) El precio a satisfacer por los usuarios por plaza de estacionamiento será:

a) Por cesión permanente:

1º.- Cesión durante todo el período de la explotación 2.000.000.- PTS + I.V.A., y 72.420.- PTS + I.V.A. anuales por mantenimiento.

2º.- Cesión permanente anual 103.450.- PTS + I.V.A., y 72.420.- PTS + I.V.A. por mantenimiento anual.

b) Por alquiler en régimen horario:

Mañana y tarde de 7:30 a 21:00 h.:

Primera hora o fracción:	108 pts + IVA
Hora y media o fracción:	173 pts + IVA
Dos horas o fracción:	216 pts + IVA
Dos horas y media o fracción:	280 pts + IVA
Tres horas o fracción:	324 pts + IVA
Tres horas y media o fracción:	388 pts + IVA

Cuatro horas o fracción:	432 pts + IVA
Cuatro horas y media o fracción:	496 pts + IVA
Cinco horas o fracción:	540 pts + IVA
Cinco horas y media o fracción:	604 pts + IVA
Seis horas o fracción:	648 pts + IVA
Seis horas y media o fracción:	712 pts + IVA
Siete horas o fracción:	756 pts + IVA
Siete horas y media o fracción:	820 pts + IVA
Ocho horas o fracción:	864 pts + IVA
Ocho horas y media o fracción:	927 pts + IVA
Nueve horas o fracción:	972 pts + IVA
Nueve horas y media o fracción:	1.035 pts + IVA
Diez horas o fracción:	1.080 pts + IVA
- Diurna 7:30 a 21:00 h.:	6.897 pts + IVA mes
- Nocturna 19:30 a 9:00 h.:	4.310 pts + IVA mes
- 24 Horas:	8.621 pts + IVA mes
- Día completo:	1.078 pts + IVA

5) El número de plazas de estacionamiento será con arreglo al proyecto de ejecución adjunto.

6) Para garantizar el equilibrio económico-financiero de la propuesta el Ayuntamiento deberá compensar, en su caso, al licitador, de resultar adjudicatario con las siguientes cantidades:

a) CERO (0) PESESETAS anuales incluidos toda clase de impuestos que graven la contraprestación a partir del tercer año de la concesión y durante todo el período concesional.

b) La cantidad total de CINCUENTA MILLONES DE PESETAS (50.000.000.- PTS) de una sola vez que será efectiva transcurridos dos años desde la concesión; incluyendo todo tipo de gravámenes.

7) El importe de las obras de mejora del acondicionamiento de espacios de cesión obligatoria asciende a CERO (0) PESETAS.

8) Las obras del proyecto técnico consistentes en la construcción de aparcamiento subterráneo en el subsuelo del mercado de abastos integrante de la oferta presentada serán ejecutadas por la unión temporal de empresas que constituirán las sociedades INDUSTRIAS DEL DEZA, S.L. (INDEZA) - CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L., según compromiso de formalización que se adjunta en el sobre "A" en el supuesto de resultar adjudicatario la empresa licitadora."

SEGUNDO.- Prestar aprobación ó proxecto básico e de execución presentado pola empresa adxudicataria INDEZA, S.L., debéndose efectua-la comprobación do replanteo da obra no prazo de dez días dende a notificación do presente acordo.

TERCEIRO.- Requirir á empresa adxudicataria para que no prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte á notificación da adxudicación, como requisito previo necesario para a formalización do contrato, deberá constituir na Caixa da Corporación a garantía definitiva polo importe de 17.999.979 pesetas, equivalente ó 4% do orzamento do proxecto básico e de execución ofertado e aceptado en calquera das formas admitidas no art. 37 da Lei 13/95 de Contratos das Administracións Pú-

blicas, se a garantía definitiva fose aval deberá estar intervido por Corredor de Comercio.

CUARTO.- Requirir á empresa INDEZA, S.L. para que, no prazo de dez días contados desde a notificación da adxudicación, presente cinco copias do proxecto técnico debidamente visado polo colexio profesional correspondente.

QUINTO.- Requirir á empresa adxudicataria para que formalice a unión temporal de empresas para a execución das obras do proxecto en escritura pública, de conformidade co establecido no artº 24 da Lei 13/95, debendo presentar orixinal da mesma no Rexistro Xeral do Concello antes da formalización do contrato en documento administrativo.

SEXTO.- Requirir á empresa adxudicataria INDEZA, S.L. para que no prazo de dez días contados a partir da notificación do presente acordo presente un plan de obras, ampliación do xa presentado na súa oferta de conformidade co establecido na cláusula vixesimosestima do prego de cláusulas administrativas particulares.

SÉPTIMO.- Poñer a disposición do concesionario os terreos onde se construíra a obra pública concedida libres de cargas, gravames e outros obstáculos para que poidan iniciarse as obras proxectadas.

OCTAVO.- Solicitar da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo autorización para a execución das obras.

NOVENO.- Dar conta do presente acordo ó Ministerio de Fomento e Ministerio de Medio Ambiente, Servicio Provincial de Costas para o seu coñecemento e efectos oportunos, achegándolle un exemplar do proxecto técnico das obras.

12.- ORZAMENTO MUNICIPAL: APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NO ORZAMENTO PRORROGADO MEDIANTE CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS CON DESTINO A INVERSIONES REAIS E APROBACIÓN DAS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS E PREGOS REGULADORES DA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A CONCERTAR PARA O SEU FINANCIAMIENTO.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos no Orzamento prorrogado mediante concesión de créditos extraordinarios con destino a investimentos reais e aprobación das características técnicas e pregos reguladores da operación de préstamo a concertar para o seu financiamento.

Aberto o debate toma a palabra o señor Alcalde dicindo que para el, como Alcalde, é unha grande satisfacción traer ó Pleno desta Corporación a aprobación desta petición de crédito por valor de 465 millóns de pesetas que vai financiar unha relación de obras, que logo pasará a comentar unha por unha, que son necesarias, urxentes, demandadas sucesivamente pola cidadanía e solicitadas reiteradamente por distintas asociacións veciñais, obras que teñen os seus proxectos elaborados por este goberno nestes últimos dous meses, porque a pesar das dificultades para a aprobación do Orzamento de 2000 este goberno non deixou en ningún momento de traballar para resolve-lo pro-

blema dos cidadáns e polo tanto quedalles a pena de que non poidan ser máis porque efectivamente hai máis asuntos, máis obras e máis necesidades neste Concello que non se poden traer hoxe a Pleno e agradece obviamente o voto favorable e o apoio claro do Partido Socialista e ó mesmo tempo solicita tamén o apoio favorable do Partido Popular porque, independentemente das cuestións de tipo político, está convencido de que tamén está de acordo en que estas obras son necesarias; as obras que se traen hoxe a aprobación son, respecto ó apartado de educación, cerramento e vestiarios de pistas polideportivas en tres colexios, Colexio nº 1 de Monte Porreiro por valor de 33 millóns de pesetas, Colexio de San Andrés de Xeve por valor de 26 millóns e Colexio de Lérez por 31 millóns de pesetas, estas obras son necesarias porque van dar resposta a necesidades da propia comunidade escolar e tamén dos cidadáns das parroquias e dos barrios nos que se van construír que van a utilizalos por convenios coas direccións dos colexios; outra obra é os nichos do Cemiterio de San Amaro por valor de 75 millóns de pesetas, obra que non fai falta explica-la súa urxencia, pois neste momento dispónse de menos dunha ducia de nichos para ofertar ós cidadáns, polo tanto é imprescindible acometer urxentemente esta obra; respecto ó tema das pistas polideportivas, dicir que a súa intención é, unha vez aprobado este expediente de modificación de créditos, poder adxudicalas e intentar executalas no período vacacional para interferir o mínimo posible co labor escolar; no órgano 013, carreteras e camiños veciñais en vías urbanas, hai tres proxectos, un que corresponde ó Poblado de Celulosas por valor de 49 millóns de pesetas, que consiste na urbanización e servizos da marxe dereita da avenida das Acacias, que ademais foi acordado incluso pola anterior Corporación na medida en que se asinou un convenio no que o Concello ten que executar unha serie de obras para que se poidan poñer a disposición uns terreos que todos saben que se van dedicar a unha piscina olímpica no Poblado de Celulosas, na medida en que se cumpran os compromisos e se chegue a un acordo definitivo cos veciños; despois hai dous proxectos que son a pavimentación de César Boente e a pavimentación de Don Gonzalo e Ánimas, que completan a mellora dunha área moi importante da zona monumental da que xa se adxudicou un proxecto que inclúe a praza de Curros Enríquez e os Sopor-tais e outro que é a rúa Sarmiento e polo tanto é necesario complementar e completar esa actuación na zona monumental; existe despois un grupo de actuacións en casas de cultura, nas que está Campañó con 44 millóns de pesetas, Monte Porreiro con 75, San Andrés de Xeve con 15 e Estrivela con 16, que veñen a solventar unha demanda sentida e histórica das colectividades veciñais destes barrios e parroquias; outra obra é a mellora dos Xardíns de Vincenti e Alameda por valor de 20 millóns de pesetas, que todos coñecen o seu estado actual e que foi incluso neste Pleno solicitada polo portavoz da oposición a súa mellora en certos aspectos e, por último, a rede de sumidoiros e saneamento, a cuarta fase, da parroquia de Salcedo por valor

de 18 millóns de pesetas que está ubicado na zona da Igrexa e que afecta ademáis ó colexio da Igrexa e que é necesario e urxente executar, a suma total polo tanto son 465 millóns de pesetas que somete a aprobación deste Pleno e que agarda contar co voto favorable de tódolos grupos.

A continuación, como portavoz do grupo municipal socialista, intervén don Roberto Taboada Rivadulla indicando que el Sr. Alcalde tenía pena por no haber podido hacer todavía más cosas y no debe preocuparse porque de la misma forma que ahora se va a aprobar esta operación de crédito con el apoyo del grupo municipal socialista, en el futuro se van a aprobar más también para el rural y para las parroquias gracias a ese apoyo, por lo tanto sea optimista en esta cuestión porque hay cosas que no tienen precio y que por su urgencia social son impagables y en estos momentos hay necesidades históricas en las parroquias y en el rural que hay que solucionar y demandas y compromisos urgentes a los que hay que darles respuesta; como decía también el Alcalde, durante todos estos días han llegado al Ayuntamiento numerosos escritos de Asociaciones de vecinos de Campañó, Ponte Sampaio, San Andrés de Xeve, Estrivela, Monte Porreiro, de colegios y centros escolares, Asociaciones de promoción xitana, de vecinos El Mirador, etc., en donde se constata la urgencia de todas estas cuestiones, por ejemplo la Asociación de vecinos Sampaio decía claramente que hace más de diez años que demandan la construcción de una casa de Cultura en Campañó, por lo tanto es evidente que hay cosas que son de urgencia social a las que hay que dar respuesta y el grupo socialista tiene claro que la cuestión no es el precio sino la calidad, no quiere hacer referencia a la frase de sólo el necio confunde calidad con precio, su grupo está por la calidad no por el precio, está por la calidad de vida y por la mejora del bienestar de los ciudadanos independientemente de donde vivan, de las parroquias y del casco urbano, y cree, como dijo antes, que esta tiene que ser la legislatura de las parroquias, por lo tanto nunca van a chantajear con los intereses de los ciudadanos de Pontevedra y menos con los del rural, por eso no debe tener pena el señor Alcalde porque van a seguir apoyando esta cuestión, por tanto el equipo de gobierno debe seguir trabajando, porque no esperaban hubieran parado independientemente de lo que haya ocurrido, por tanto sin duda durante estos dos meses hicieron muy bien en seguir trabajando y el grupo socialista también.

Seguidamente concédese a palabra a don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, o cal manifesta que en este punto de la orden del día se encuentran ante lo que llamaría uno de los expedientes más incompletos de los que ha visto en los casi cinco años que lleva en este Ayuntamiento, también es cierto que se encuentran ante uno de los proyectos más electoralistas que tanto el Bloque Nacionalista Galego como el PSOE podían traer a un Pleno que se celebra nada menos que en plena campaña electoral y, que es electoralista, lo acaban de ver porque es la primera vez que

defiende un asunto el Alcalde en ocho meses, que ya tenía ganas de escucharle en la defensa de algún asunto, y también porque después de ver que Bloque y PSOE, después de ocho meses y de ser incapaces de aprobar los Presupuestos, algo que es fundamental para la buena marcha del Ayuntamiento, son capaces en una semana de pactar inversiones por valor de más de 465 millones de pesetas, inversiones que curiosamente, salvo los nichos de San Mauro y los Jardines de Vincenti, ninguna de las otras coincide con las inversiones que hace tan sólo dos meses presentaba el Bloque en sus presupuestos, o sea que es curioso que en menos dos meses varíen sus propios presupuestos y no son pequeñas las diferencias, en los presupuestos que presentaban hace dos meses en instalaciones deportivas figuraban 50 millones de pesetas, hoy traen aquí a aprobar 91 millones de pesetas, en el Poblado de Celulosas figuraban en el presupuesto de hace dos meses 10 millones de pesetas hoy traen a aprobar 49 millones de pesetas, en las calles César Boente, Don Gonzalo y Ánimas figuraban 0 pesetas en los presupuestos de hace dos meses hoy figuran 60 millones de pesetas, en casas de cultura figuraban hace dos meses 40 millones de pesetas hoy van a firmar 150 millones de pesetas y en el alcantarillado de Salcedo figuraban 0 pesetas y hoy van a aprobar 18 millones de pesetas, podría pensarse que estas diferencias fueron fruto de las negociaciones y de las exigencias del Partido Socialista pero con un simple vistazo a las múltiples ruedas de prensa que el Bloque Nacionalista Galego ofrece se ve que no ha sido así, pues todas estas obras y muchas más ya las anunció mucho antes de que el señor Fernández Lores se sentase a negociar con el señor Taboada, aunque si puede decir sin embargo que fruto de esas negociaciones es que el señor Taboada no dejó llevar al señor Fernández Lores los 800 ó 900 millones de pesetas como ahora mismo reconoció; se ve que el expediente está incompleto, en primer lugar en que cinco de las actuaciones no tienen proyecto, simplemente figura en el expediente una memoria valorada, porque curiosamente además si se coge cualquier proyecto se ve que las cifras son por ejemplo 18.741.521 pesetas, en cambio en estos proyectos que sólo figura memoria valorada y que no tienen proyecto las cifras son 15 millones, 75 millones, 16 millones, 15 millones, etc. , es decir, no existe proyecto, se valora una memoria y evidentemente se redondea; está incompleto también, en segundo lugar, en que las que si tiene proyecto, que evidentemente son algunas de ellas, a todas le falta algún documento para completarlos, documentos como puede ser el estudio de seguridad e higiene o el plan de obras o la disponibilidad de terrenos, etc.; en tercer lugar, para demostrar que está incompleto, ni uno sólo de los proyectos ha sido aprobado por la Comisión correspondiente, ni lo han visto el resto de los Concejales, ni ha sido aprobado; en cuarto lugar, uno de los proyectos que se titula acondicionamiento de la avenida Acacias y su entorno, la avenida Acacias no existe en Pontevedra, se imagina que se trata del Poblado de Celulosas y se llama avenida de Camelias en el primer tra-

mo, pero no Acacias que no existe, pero incluso hasta ayer tampoco aparecia ese proyecto, porque quisieron verlo los Concejales del Partido Popular y no han podido, ayer mismo algunos proyectos estaban en Intervención, otros en Contratación, otros no aparecían, y le recuerda al señor Fernández Lores cuantas veces les decían en la anterior Corporación que los proyectos tienen que estar cuarenta y ocho horas antes del Pleno todos completos, a estas alturas muchos de los proyectos ni los conocen porque no aparecen, pero lo peor de todo esto es que el propio expediente se salta a la torera la Ley Reguladora de las Haciendas Locales que exige de una forma muy clara, para acudir a créditos extraordinarios cuando se está gobernando con un Presupuesto prorrogado, que sean para gastos específicos y determinados que no puedan demorarse y solamente cumplirían este requisito de no poder demorarse los nichos de San Mauro y quizá el Poblado de Celulosas por el convenio que hay firmado, en el resto es totalmente imposible justificar que no pueden demorarse, claro que tienen también la suerte hoy de que el Secretario dice que no tiene que informar preceptivamente el expediente y de que el informe, en este caso si preceptivo, del Interventor no entra en el análisis de si los expedientes están o no completos ni de si las obras pueden o no demorarse, por tanto a ver si tienen la misma suerte y nadie recurre el acuerdo plenario que hoy se tome, porque de lo contrario verían las obras retrasadas muchos meses, pero a pesar de ser un expediente chapucero y electoralista, adelanta aquí hoy, para que quede constancia en el acta, que varias de las obras que hoy serán aprobadas no las verán empezar dentro del año 2000 y casi ninguna finalizada dentro de este año, pero a pesar de todo eso el Partido Popular va a votar a favor de la operación de crédito y piden que conste en acta que todos los expedientes se completen, que todos pasen por Comisión y sean aprobados por sus órganos correspondientes y, dice que va a votar a favor, porque todas las obras que aquí se recogen son muy importantes para los vecinos, más obras del rural que de la ciudad, pero también alguna en la ciudad, son todas ellas muy importantes y desde luego todas se pueden acometer hoy gracias a la labor del Partido Popular en los cuatro años anteriores y se refiere una por una a todas las obras que hoy se van a aprobar, para poder cerrar las pistas polideportivas de Monte Porreiro, de San Andrés de Xeve y Lérez primero hubo que cubrirlas y las cubrió el Partido Popular en los cuatro años anteriores, no va a meterse con los nichos del Cementerio de San Mauro, pero evidentemente se pueden ampliar porque el Partido Popular en su día expropió los terrenos suficientes para que haya terreno libre, en el acondicionamiento de la nueva avenida de las Acacias y su entorno, y dice nueva porque no existe, evidentemente hay que hacerlo y se puede hacer gracias al convenio que firmó el Partido Popular en su día, en cuanto a la canalización y pavimentación de César Boente, Don Gonzalo y Ánimas evidentemente es el remate final de una obra importantísima como ha sido el Plan Urban conseguida por el

Partido Popular, en cuanto a la construcción de las casas de cultura en la de Campañó fue algo muy laborioso el conseguir los terrenos de la Iglesia, pero los consiguió el Partido Popular, el proyecto ya estaba redactado hace más de un año, en San Andrés de Xeve es algo parecido y en Estrivela es un proyecto también redactado ya en su día por la anterior Escuela Taller para ser ejecutado con la actual Escuela Taller, en cuanto al alcantarillado y saneamiento de Salcedo en su cuarta fase, evidentemente para poder hacer la cuarta fase hay que decir que el Partido Popular ya acometió la primera, la segunda y la tercera, por lo tanto en base a que todas esas obras son continuación de las hechas por el Partido Popular en los cuatro años anteriores y en base a que son todas ellas francamente importantes para los ciudadanos, van a votar a favor.

Novamente intervén o señor Taboada Rivadulla para expresar su satisfacción, primero porque realmente el grupo popular mejora mucho cuando les hacen caso y sin duda también se dan cuenta ahora de que la política también se hace a través de renglones torcidos y, a pesar de todas las vueltas que le da el señor Pedrosa y de lo que acaba de decir, al final es evidente que va a apoyar esto y les parece muy bien, por lo cual se congratula, a pesar de todo el preambulo previo, de su apoyo.

Finalmente toma a palabra o señor Alcalde para mostralo seu agradecemento a tódolos funcionarios que nestes dous últimos meses traballaron intensamente na elaboración destes proxectos, que efectivamente algún pode ser que estea incompleto, pero que o importante é a petición de crédito que se aproba hoxe aquí, congratúalase polo voto favorable de toda a Corporación e quere comentar un pequeno lapsus do señor Pedrosa na medida en que as obras fainas o Concello, tanto na época en que gobernou o Partido Popular como neste caso na época en que goberna o BNG en coalición co PSOE, polo tanto non as fixo o Partido Popular fíxoas o Concello gobernado polo Partido Popular e agradece o voto favorable de todos a esta operación de crédito.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o expediente de modificación de créditos no Orzamento municipal prorrogado, mediante a concesión de créditos extraordinarios por importe de 465.654.592 pesetas, con destino a investimentos reais considerados urxentes a financiar cunha operación de préstamo a concertar cunha entidade financeira por igual importe, e visto o informe preceptivo emitido por Intervención en cumprimento do establecido nos artigos 53.2 e 158.1 e 2 da Lei 39/88, Reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigo 54 do Real Decreto Lexislativo 781/86 e 37 do Real Decreto 500/90 sobre o expediente de modificación de créditos por concesión de créditos extraordinarios e as características técnicas da operación de préstamo a concertar, así como os trámites a seguir.

Considerando de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1º.- Que os artigos 51 da Lei 39/88, Reguladora das Facendas Locais e 21.15 do Real Decreto 500/90 establecen que, en tanto non se aprobe o Orzamento definitivo, o prorrogado poderá ser obxecto de calquera das modificacións previstas pola lei e que os artigos 158.1 da devandita lei e 35 do devandito Real Decreto dispoñen que é requisito necesario que estes créditos sexan para o financiamento dun gasto específico e determinado que non se poda demorar e para o que non exista crédito.

2º.- Que o Alcalde ten atribuída a competencia para a incoación do expediente de modificación de créditos de conformidade co establecido no artigo 158 da Lei 39/88, Reguladora das Facendas Locais e 37 do Real Decreto 500/90, competencia delegada pola Alcaldía no Tenente de Alcalde de Xestión e Xeración de Recursos mediante resolución de data 5 de xullo de 1999.

3º.- Que a competencia para aproba-lo expediente de modificación de créditos mediante a concesión de créditos extraordinarios está atribuída ó Pleno da Corporación consonte ó establecido nos artigos 158-2 da Lei 39/88 e 37 do Real Decreto 500/90, previo informe emitido por Intervención.

4º.- Segundo o informe emitido por Intervención a operación de préstamo cumpre os ratios impostos polo artigo 54 da Lei 39/88 na redacción dada pola Lei 50/98 de Medidas Fiscais e Administrativas de Orde Social, referidas o aforro neto e capital vivo das operacións de crédito vixentes, polo que non resulta necesaria a autorización previa dos órganos competentes citados no artigo 54.1 da devandita Lei 39/88.

5º.- Que o expediente débese someter os mesmos trámites e requisitos establecidos para a aprobación do orzamento, segundo establece o artigo 58.2 da Lei 39/88 e que para a adopción do acordo resulta suficiente a maioría simple do Pleno da Corporación, ó non alcanza-lo importe da operación de préstamo o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, segundo informa a Intervención municipal que fixa o incremento da carga financeira nun 1,13% anual derivada da operación de préstamo.

O Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación inicial ó expediente nº 2/2000 de modificación de créditos no orzamento prorrogado, mediante a concesión de créditos extraordinarios con destino ós seguintes investimentos reais a financiar con operación de crédito por importe de 465.654.592 pesetas, habilitando no estado de ingresos do Orzamento prorrogado a partida 917.01 co mencionado importe (pasivos financeiros a longo prazo), sendo os conceptos a financiar os seguintes:

PARTIDA	DESCRIPCIÓN	CANTIDADE
005.422.62300	Cerramento e vestiarios pistas polideportivas Colexio nº 1 Monte Porreiro, Santo André de Xeve e Lerez	91.125.386
009.443.62200	Construcción de nichos Cemiterio San Mauro	75.000.000
013.511.61100	Acondicionamento Avda. das Camelias e o seu contorno	49.896.519

013.511.62300	Canalización e pavimentación c/Boente, Gonzalo e Animas	60.680.084
014.451.62200	Construcción Casa de Cultura: Campañó, Monte Porreiro, Santo André de Xeve e Estrivela	150.211.082
016.432.62300	Xardíns de Vincenti e Alameda	20.000.000
018.441.61100	Rede de sumidoiros e saneamento Salcedo 4º Fase	18.741.521
		465.654.592

SEGUNDO.- Prestar aprobación inicial á operación de préstamo por importe de 465.654.592 pesetas, a concertar para o financiamento dos investimentos incluídos no expediente de modificación de créditos extraordinarios aprobado, así como as súas características técnicas que figuran no prego de condicións administrativas particulares.

TERCEIRO.- Os precedentes acordos de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos mediante concesión de créditos extraordinarios e da operación de préstamo a concertar, deberán someterse a exposición pública por un período de quince días hábiles para os efectos de reclamacións e suxestións, considerándose aprobados definitivamente se non se presentara reclamación ningunha durante o citado prazo, quedando neste caso facultada a Alcaldía para a elevación dos mencionados acordos provisionais a definitivos, ordenando a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Prestar aprobación ó prego de condicións administrativas particulares que rexerán o contrato de préstamo, do teor literal seguinte:

1ª.- Obxecto do contrato

O presente contrato ten por obxecto o concerto dunha operación de préstamo, con previa apertura de crédito por un importe de ata CATROCENTOS SESENTA E CINCO MILLÓNS SEISCENTAS CINCUENTA E CATRO MIL CINCOCENTAS NOVENTA E DOUS (465.654.592) PESETAS, ó amparo do regulado nos artigos 49 e seguintes da Lei 39/88, reguladora das Facendas Locais.

2ª.- Finalidade da operación

O importe total da operación destinarase ó financiamento das seguintes finalidades, a incluír no Capítulo 6º do Orzamento prorrogado, e que se relacionan a continuación:

PARTIDA	DESCRIPCIÓN	CANTIDADE
005.422.62300	Cerramento e vestiarios pistas polideportivas Colexio nº 1 Monte Porreiro, Santo André de Xeve e Lerez	91.125.386
009.443.62200	Construcción de nichos Cemiterio San Mauro	75.000.000
013.511.61100	Acondicionamento Avda. das Camelias e o seu contorno	49.896.519
013.511.62300	Canalización e pavimentación c/Boente, Gonzalo e Animas	60.680.084
014.451.62200	Construcción Casa de Cultura: Campañó, Monte Porreiro, Santo André de Xeve e Estrivela	150.211.082
016.432.62300	Xardíns de Vincenti e Alameda	20.000.000
018.441.61100	Rede de sumidoiros e saneamento Salcedo 4º Fase	18.741.521
		465.654.592

3ª.- Contía e prazo do crédito.

A Entidade Financeira adxudicataria (no sucesivo o adxudicatario), abrirá durante o prazo de dous anos un crédito a favor do Concello de Pontevedra polo importe concertado. O devandito crédito reflectirase nunha conta corrente de crédito contra a que o Concello xirará peticións de disposición de fondos en función das súas necesidades de financiamento.

O período de dispoñibilidade do crédito iniciarase o primeiro día do mes natural seguinte a aquel no que se formalice o contrato.

4ª.- Disposicións de fondos

As disposicións de fondos, totais ou parciais, efectuaranse mediante peticións de traspaso subscritas polo Sr. Alcalde ou persoa que legalmente o substitúa, coa toma de razón dos señores Interventor e Tesoureiro, dirixidas ó adxudicatario.

As peticións de disposición atenderanse dentro dos dous días hábiles seguintes á súa recepción.

As cantidades dispostas endebedaranse na conta corrente de crédito, á que se fai referencia na cláusula 3ª, con abono á conta operativa que polo Concello se estableza na entidade adxudicataria.

5ª Intereses da conta corrente de crédito

O saldo debedor da conta corrente de crédito renderá, durante o prazo de dispoñibilidade sinalado na cláusula 3ª, intereses día por día, desde o seguinte a cada disposición e ata a consolidación do préstamo a que se refire a cláusula 6ª, sendo estes liquidados por trimestres naturais vencidos.

6ª Consolidación do préstamo

Transcorrido o período de dispoñibilidade a que se refire a cláusula 3ª deste Prego, cerrarse a conta corrente de crédito citada na mesma, constituíndo o seu saldo, a débeda consolidada en forma de préstamo, a favor do adxudicatario, que se amortizará polo Concello coa periodicidade, no prazo e mediante as cotas establecidas na cláusula 7ª.

7ª Prazo e forma de amortización de préstamo

O Concello de Pontevedra devolverá o capital no prazo de dez anos, contados a partir do primeiro día do trimestre natural seguinte ó que finalice o período de disposición establecido na cláusula 3ª, de acordo co seguinte:

- Número de cotas: Corenta cotas trimestrais consecutivas a satisfacer os días 1 de xaneiro, abril, xullo e outubro de cada ano. A primeira cota será efectiva o primeiro día do trimestre natural seguinte 6 correspondente 6 de inicio do cómputo do prazo de devolución.

- Contía e composición das cotas: Axustaranse á modalidade do tipo de interese a que se refire a cláusula 8a.

A Corporación poderá amortizar anticipadamente a totalidade ou parte do préstamo.

8ª Prezo do contrato

O prezo do contrato constituirase polo importe dos intereses e, no seu caso, as comisións e gastos que deba percibir o prestamista, e que para o efecto se pacten, sendo estas necesariamente incluídas na oferta económica.

As ofertas especificarán:

- TIPO DE INTERESE: En cada oferta fixarase o tipo de interese aplicable, con referencia ó valor do MIBOR a tres, seis, ou doce meses, en cada momento de cálculo. Enténdese por MIBOR o tipo medio de interese comunicado ou publicado polo Banco de España, como correspondente ós depósitos tomados no Mercado

Interbancario de Madrid para os devanditos prazos.

En ningún momento o tipo de interese aplicable superará, no seu caso, o límite máximo, nin será menor que o límite inferior que, incluídos na oferta, se pacten.

- COMISIÓNS E GASTOS: En cada oferta expresaranse os importes e as porcentaxes correspondentes a comisión de apertura, comisión de cancelación anticipada, e calquera outras comisións ou gastos que deba soportar o Concello prestatario, así como as súas datas de percepción e liquidación, considerándose a redución, ou inexistencia destes como mellora, á hora da adxudicación do contrato.

- PERÍODO DE INTERESE E CÁLCULO E PERCEPCIÓN DE INTERESES: Os ofertantes sinalarán os períodos de interese, así como o seu inicio e finalización, tanto para a fase de crédito como de préstamo da operación.

Tamén nas ofertas especificaranse as datas de percepción e a forma do cálculo dos intereses.

9ª Publicidade

A contratación anunciarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo das notificacións que de tal anuncio, e con carácter individual realice o Concello de Pontevedra, ás Entidades Financeiras que habitualmente lle prestan tales servizos.

10ª Forma de selección do contratista

A Entidade Financeira prestamista seleccionarase mediante o procedemento de concurso, de acordo cos principios de publicidade e corcurrencia, tendo en conta os criterios de selección que se determinan neste Prego.

11ª Información ós licitadores

Calquera entidade que cumpra as condicións establecidas no presente prego para contratar, poderá consultar nas oficinas da Intervención a seguinte documentación:

- Resumo por Capítulos do Orzamento de 2000.
- Resumo por Capítulos da Liquidación do exercicio 1998.
- Informe das ratios establecidos no art. 54 da Lei Reguladora das Facendas Locais.

12ª Capacidade para presentar ofertas

Poderán presentar ofertas toda clase de Entidades de crédito e aforro que cumpran o requisito de figurar inscritos no Rexistro Oficial do Banco de España.

13ª Proposicións, lugar e prazo de presentación

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, de 9 a 13 horas dentro do prazo de trece días desde a publicación do anuncio de licitación no B.O.P.

As proposicións presentaranse en sobre cerrado, lacrado e precintado, levando inscritos os seguintes datos:

- Proposición para participar no concurso para a contratación dunha operación de préstamo con apertura previa de crédito, para financiar diversas finalidades incluídas no Orzamento de 2000, a longo prazo, ó Concello de Pontevedra.
- Nome do contratista proponente.
- Lugar, data e firma do licitador.

14ª Documentación a presentar polas Entidades Financeiras

SOBRE A: Documentación

a) Certificación acreditativa da inscrición da Entidade de crédito ou aforro no Rexistro Oficial do Banco de España.

b) Poder notarial no que se acredite a representación da persoa ou entidade no nome da cal presenta a correspondente oferta, que deberá ser validado polo Secretario da Corporación, ou funcionario habilitado para o efecto.

c) Declaración expresa de que a Entidade interesada se encontra en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas na vixente lexislación de contratos das Administracións Públicas.

d) Escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, ou no seu defecto, certificación ó respecto do propio Rexistro.

SOBRE B: Oferta

a) Oferta económica que inclúa tódalas condicións particulares que se especifican no Prego, de acordo co seguinte modelo:

D....., con domicilio en....., calle.....nº..... código postal....., teléfono, con D.N.I. nº..... ou pasaporte ou documento que o substitúa, actuando en representación de con domicilio en, calle nº código postal, toma parte no concurso convocaco polo Concello de Pontevedra, publicado no B.O.P., nº de data, para concertar un contrato de préstamo por importe de 465.654.592 ptas., para financiar diversas finalidades a incluír no Capítulo 6º do Orzamento prorrogado, e fai constar que coñece e acepta o Prego de Condicións e acompaña como anexo o presente documento e como constitutivo da oferta económica o proxecto de contrato de préstamo.

En, a..... de de 2000.

b) Proxecto de contrato de préstamo con previa apertura de conta de crédito.

15ª.- Características y condicións da operación

Serán as seguintes:

- Importe: Ata 465.654.592 ptas.
- Tipo de operación: Préstamo a longo prazo.
- Finalidade: A indicada na cláusula 2ª
- Prazo de operación: 10 anos.
- Período de carencia: 2 anos non incluídos nos anteriores.
- Prazo de amortización: 10 anos, coincidentes coa vida do préstamo.
- Períodos de amortización: Trimestrais naturais vencidos.
- Tipos de interese
- Tipo variable: Referenciado a MIBOR.
- Amortización anticipada: Por parte do Concello poderase anticipar, total, ou parcialmente, a amortización do préstamo,

cun preaviso de trinta días.

- Disposición do préstamo: 0 seu importe desembolsado, conxunta ou fraccionadamente, durante os DOUS primeiros anos exclusivamente, a solicitude da parte prestataria mediante ingreso na conta aberta na Entidade co número

Soamente producirán intereses as cantidades efectivamente aboadas na conta da parte prestataria a partir da súa entrega.

- Outras: Excepcionalmente poderán as Entidades licitadoras presentar outras opcións sempre que non sexan contrarias ás indicadas anteriormente e concreten e/ou melloren aspectos das mesmas.

16ª.- Fianza provisional.

Non se esixe.

17ª.- Comisión Técnica.

As ofertas e documentación presentadas avaliaranse por unha Comisión Técnica que formulará proposta de adxudicación. A Comisión Técnica formarase polos seguintes membros:

- a) Iltmo. Sr. Alcalde ou en quen delegue.
- b) Sr. Interventor Xeral
- c) Sr. Tesoureiro
- d) Sra. Viceinterventora.
- e) Sr. Secretario Xeral.

Se algunha das ofertas presentadas ofrecera dúbidas interpretativas á Comisión Técnica, darase conta das mesmas á Entidade Financeira que corresponda, co fin de que proceda no prazo de tres anos a efectuar as aclaracións ou ampliacións que considere oportunas.

18ª.- Criterios de selección.

Os criterios de selección do contratista virán definidos pola oferta na que as condicións económicas sexan máis favorables para o Concello de Pontevedra, no sentido de supoñer un custo financeiro previsiblemente inferior durante a vida do préstamo. Os devanditos criterios derivaranse da avaliación da oferta económica presentada.

A Comisión Técnica, previos os informes que estime convenientes, formulará proposta para a adxudicación ou, no seu caso para deixar deserto o concurso, correspondendo ó Pleno da Corporación a adopción do acordo en tal sentido, previo dictame da Comisión de Economía, Facenda e Patrimonio.

Os criterios a ter en conta pola Comisión Técnica para formular as súas propostas, serán os seguintes por orde decrescente de importancia:

1.- Menor prezo ofertado, reflectido no menor diferencial sobre o tipo de interese variable referenciado ou calquera outros conceptos de gasto (comisións e demais gastos).

2.- Banda de seguridade ofertada polo licitador ó obxecto de garantir a variación dos tipos de interese.

3.- Posibilidade de que o Concello elixa en cada momento se o MIBOR a aplicar será o trimestral, o semestral ou o anual, elección que se produciría coa antelación suficiente á conclusión do período anterior.

4.- Experiencia en contratos desta natureza realizados con

Administracións Públicas.

19ª.- Adxudicación do concurso.

Como se indicou corresponde ó Pleno da Corporación resolver sobre a proposición máis vantaxosa ou declarar deserta a licitación, sen que por iso os concursantes teñan dereito a formular reclamación algunha, salvo as establecidas pola norma a este respecto.

O expediente xunto á proposta da Comisión Técnica previo dictame da Comisión de Economía e Facenda someterase ó Pleno da Corporación para a súa adxudicación, de acordo co previsto no art. 53.1 da Lei 39/1988 de 28 de decembro.

O Concello de Pontevedra resérvase o dereito a non adxudicar o contrato se ningunha das ofertas resultase favorable para os intereses municipais pola evolución previsible dos mercados financeiros ou por calquera outra causa que o poida xustificar.

En todo caso, a adxudicación quedará condicionada á obtención da correspondente autorización da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Economía e Facenda.

20ª.- Fianza definitiva.

Non se esixe.

21ª.- Formalización do contrato.

Unha vez obtida a preceptiva autorización indicada na cláusula 20ª, notificarase á entidade adxudicataria para proceder a subscribir o correspondente contrato, póliza ou documento mercantil no que se soporte a operación, ante a Entidade Financeira correspondente e ante o fedatario público que interveña ou formalice o documento, trámite este a realizar no prazo de quince días a partir da notificación da adxudicación, ampliable, no caso de que polo Concello se queira facer coincidir a data de formalización co vencemento do trimestre natural respectivo.

22ª.- Gastos.

O adxudicatario ten a obriga do pago de tódolos gastos, e tódolos impostos, contribucións e taxas que graven esta operación de préstamo con previa apertura de crédito, incluíndo os de formalización, así como, todos aqueles que se deriven de tal contratación.

23ª.- Prezo do contrato e amortización do préstamo.

O Concello de Pontevedra incluírá anualmente no seu Orzamento as dotacións necesarias para facer fronte ó pago dos intereses e cotas de amortización derivados do contrato no que se formalice o préstamo de referencia.

24ª.- Condicións contractuais.

Se achega como anexo ó presente Prego modelo de documento a formalizar entre este Concello e o adxudicatario, para a operación de préstamo con previa apertura de crédito, a financiar diversas finalidades incluídas no Orzamento a aprobar para o exercicio de 2000.

ASUNTOS URXENTES.

A) APROBACIÓN DO PROXECTO DE CONVENIO DE QUITA E ESPERA A

FORMALIZAR COA ENTIDADE MERCANTIL GRUPO DE EMPRESAS ÁLVAREZ, S.A. EN EXPEDIENTE DE SUSPENSIÓN DE PAGOS.

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda a inclusión na orde do día do asunto epigrafiado para o seu debate e votación:

Aberto o debate, intervén don Raimundo González Carballo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que con data 16 de febreiro entrou por Rexistro do Concello unha solicitude de convenio da representación do Grupo de Empresas Álvarez, que como todos saben é unha empresa que ten ubicada unha factoría no Concello de Pontevedra, que é en concreto a factoría de PONTESA na que traballan moitos pontevedreses das parroquias sobre todo de Ponte Sampaio, entón é un tema vello no que existe un plan de viabilidade e no que existía un compromiso, polo menos político, por parte das administracións de levalo adiante e no que lle corresponde a este Concello o que se trae a Pleno é que dunha débeda pendente de 57.254.415 pesetas haxa unha condonación da débeda do 75%, iso é o que quere dicir quita, e haxa unha espera ou un aprazamento no pago do 25% restante e o grupo de goberno entende que con este sacrificio o Concello pode polo menos poñer o seu gran de area dentro de tódalas débedas que ten este grupo de empresas para conseguila súa viabilidade e o feito de non figurar na orde do día é porque houbo que face-lo informe de Tesourería que xa existe e porque acaba de entrar hai menos de quince días no Concello, por tanto o que se trae a votación é a quita e espera destes 57 millóns de pesetas.

Seguidamente concédese a palabra a don Guillermo Meijón Couselo, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, o cal manifesta que está totalmente a favor desa quita e parécelle ben que o señor González Carballo axilizara este tema, pero outra vez hai que procurar que se perdan menos os papeis porque, como xa lle advertiu no Pleno anterior, xa levaban bastante tempo no concello, polo tanto congratúlase de que isto acabe ben para todos, xa que son uns cartos de difícil cobro para o Concello, por non dicir imposible, pero que socialmente teñen moita importancia cara ós traballadores.

A continuación intervén o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, dicindo que está totalmente de acordo pues ya existía ese compromiso, incluso desconoce porque no se terminou materializando y hasta estaba convencido de que de alguna manera había sido así, pero cree que se tomou ese acordo hace más de dos años e incluso se celebraron múltiples reuniónes hasta en la propia Subdelegación del Gobierno con todas las administraciones, la Central, la Autonómica y la Provincial, por tanto su voto va a ser favorable.

Novamente intevén o señor González Carballo dicindo que os papeis entregounos a representante da empresa e entraron no Concello o 16-2-2000, aínda que parece que había uns anterior-

res que estaban na Asesoría Xurídica, de tódalas maneiras houbo que facer tamén unhas modificacións e o que había no Pleno de abril de 1998 era un compromiso xenérico de solicitar das administracións a quita e a espera, pero ten que pasar expresamente o asunto polo Pleno.

Rematado o detate, o Pleno da Corporación, por unanimidade, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o proxecto de convenio de quita e espera a formalizar coa entidade mercantil GRUPO DE EMPRESAS ALVAREZ, S.A., en expediente de suspensión de pagos e visto o informe emitido polo señor Tesoureiro, así como as certificacións de débedas que a devandita entidade mercantil ten con este Concello.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Aproba-lo proxecto de convenio de quita e espera a formalizar coa entidade mercantil GRUPO DE EMPRESAS ALVAREZ, S.A., do teor literal seguinte:

REUNIDOS:

Dunha parte, a entidade mercantil GRUPO DE EMPRESAS ALVAREZ, S.A. (C.I.F.: A-36610590), e no seu nome e representación D. Rafael Tormo Aguilar, actúa na súa calidade de Administrador único, protocolizado por medio da escritura outorgada polo Notario de Vigo, D. José M^a Rueda Pérez, de data 5 de febreiro de 1997, co número 347 do seu protocolo, como se acredita pola copia que se incorpora como anexo nº 1 ó presente acordo, e por tanto osenta facultades bastantes para o presente acto.

Dado que a citada empresa encóntrase en situación legal de suspensión de pagos, a súa capacidade aparece complementada polos Interventores Xudiciais D. Óscar Manuel Salvador Núñez (D.N.I. 35.811.260) e D. Rafael López Mera (D.N.I. 35.952.825), os que actúan de conformidade coa competencia que lle atribúe a Lei de Suspensión de Pagos. Os devanditos Interventores, os cales tamén comparecen no presente acto, nomeáronse por providencia do Xulgado nº 10 de Vigo. Todo isto acredítase polo testemuño auténtico da mesma que se incorpora a este acordo como documento anexo nº 2.

Doutra parte, o CONCELLO DE PONTEVEDRA, e no seu nome e representación

Os comparecentes recoñécense mutua capacidade e competencia para obrigar ás entidades que legalmente representan, e

MANIFESTAN

I.- Que a mercantil GRUPO DE EMPRESAS ALVAREZ, S.A. encóntrase en situación legal de suspensión de pagos ante o Xulgado de Primeira Instancia nº 10 dos de Vigo, segundo consta en providencia de dito Xulgado, de data 17 de novembro de 1997 (Autos 812/97).

II.- La comercial GRUPO DE EMPRESAS ALVAREZ, S.A. desexa, sen embargo, continuar a súa actividade empresarial, para o que se fai imprescindible un acordo co Concello de Pontevedra, dada a importante débeda tributaria contraída, que teña presente a realidade do mercado, o proxecto de viabilidade que a

empresa representa e as súas reais posibilidades, así como os importantes esforzos económicos e empresariais que están a realizar os actuais xestores para remonta-la crise que a Sociedade veu atravesando durante os últimos anos, co fin de permiti-la supervivencia da propia empresa e o mantemento dun considerable número de postos de traballo.

É por iso que o CONCELLO DE PONTEVEDRA, examina detenidamente a situación económica e tributaria, e estudiada a viabilidade empresarial do proxecto que GRUPO DE EMPRESAS ALVAREZ, S.A. representa, e tendo en conta non só o carácter preferente e privilexiado do crédito tributario, senón tamén o interese xeral, convén unhas especiais circunstancias de pago da débeda que a suspensión mantén co Concello de Pontevedra suxeita ó proceso concursal.

III.- O CONCELLO DE PONTEVEDRA ten a facultade de formalizar acordos con debedores en situación concursal.

A competencia para a subscripción de convenios ou acordos foi fixada por e na súa virtude é o o órgano competente, no caso de que as débedas co Concello de Pontevedra excedan de millóns de pesetas ou sexan obxecto dun aprazamento superior a anos, como en ambos casos ocorre neste expediente.

ACORDAN:

PRIMEIRO.- Que na actualidade, a entidade GRUPO DE EMPRESAS ALVAREZ, S.A., debe ó CONCELLO DE PONTEVEDRA, como crédito suxeito ó proceso concursal, a cantidade de 57.254.415 pesetas (cincuenta e sete millóns duascentas cincuenta e catro mil catrocentas quince pesetas). Esta contía, que ostenta o carácter de crédito preferente e privilexiado, enténdese sen prexuízo das débedas xeradas despois do inicio do proceso concursal ás cales non se estende o presente convenio.

SEGUNDO.- Dada a situación económica pola que atravesa o GRUPO DE EMPRESAS ALVAREZ, S.A., o CONCELLO DE PONTEVEDRA conven no presente acordo establece-las seguintes condicións singulares para o pago dos seus créditos, supeditadas á efectiva aprobación xudicial do Convenio de Acredores no expediente de suspensión de pagos:

a) O CONCELLO DE PONTEVEDRA formaliza unha quita expresa do 75% do crédito.

b) O importe resultante despois de aplica-la quita expresada no apartado anterior, é dicir, 14.313.604 pesetas (catorce millóns trescentas trece mil seiscentas catro pesetas), aboarase mediante o pago de 10 prazos anuais, cos dous primeiros anos de carencia, e coas contías e nas datas de vencemento que se indican a continuación:

FECHA VTO.	PRINCIPAL
20.01.2002	1.431.360
20.01.2003	1.431.360
20.01.2004	1.431.360
20.01.2005	1.431.360
20.01.2006	1.431.360
20.01.2007	1.431.360

20.01.2008	1.431.360
20.01.2009	1.431.360
20.01.2010	1.431.360
20.01.2011	1.431.360

TERCEIRO.- No caso de que durante o prazo de vixencia deste acordo, GRUPO DE EMPRESAS ÁLVAREZ, S.A. , tivera dereito a calquera devolución tributaria, entenderase que desde este momento formularase a oportuna solicitude de compensación dos créditos que se recoñezan ó seu favor, coas débedas ó seu cargo, na orde que se indica a continuación neste mesmo apartado, aínda cando isto poida supoñer vencementos anticipados de cantidades pendentes.

CUARTO.- A empresa GRUPO DE EMPRESAS ÁLVAREZ, S.A. durante o período de vixencia do acordo deberá estar ó corrente das súas obrigas tributarias co CONCELLO DE PONTEVEDRA.

O incumprimento da presente cláusula supón a resolución do presente convenio, da que constitúe condición esencial.

QUINTO.- O incumprimento de calquera dos pagos e cláusulas do presente documento producirá a resolución do presente acordo na súa totalidade, quedando a favor do CONCELLO DE PONTEVEDRA as cantidades ata entón satisfeitas que se aplicarán ós conceptos tributarios correspondentes. A resolución producirá efectos inmediatos á data da notificación á entidade GRUPO DE EMPRESAS ALVAREZ, S.A., do escrito de denuncia do presente acordo, sen que sexan admisibles calquera excepcións por parte de GRUPO DE EMPRESAS ALVAREZ, S.A.. A resolución producirase automaticamente, ó primeiro requirimento de denuncia do acordo formulado polo CONCELLO DE PONTEVEDRA. Esta cláusula xeral de resolución deste acordo enténdese sen prexuízo das demais cláusulas resolutorias específicas consignadas nel, rexendo no seu caso con carácter supletorio a estas.

En calquera caso de resolución automática do presente acordo, quedarán vencidos tódolos prazos concedidos e sen as quitas outorgadas.

SEXTO.- Dado o importante sacrificio que para o CONCELLO DE PONTEVEDRA supoñen as condicións establecidas neste acordo, GRUPO DE EMPRESAS ALVAREZ, S.A. non realizará con terceiros acredores concursales, pactos ou acordos que supoñan mellores condicións de pago das débedas que as que neste acordo se estipulan co CONCELLO DE PONTEVEDRA.

Exceptúanse ós acredores de Dereito Público, Dereito Laboral ou calquera outro acredor que teña recoñecido o dereito de abstención.

No suposto de que o CONCELLO DE PONTEVEDRA teña coñecemento dun acordo, pacto ou acto xurídico realizado por GRUPO DE EMPRESAS ALVAREZ, S.A., que implique un trato máis beneficioso ó estipulado neste acordo, ou que faga a calquera acredor de mellor condición, en todo ou en parte do seu crédito, que a que tiña ó iniciarse a situación concursal, o CONCELLO DE PONTEVEDRA, poderá deixar sen efecto o presente acordo ou modificarlo seu contido a fin de non ser acredor de peor condición que os mencionados acredores.

SÉTIMO.- A comercial GRUPO DE EMPRESAS ALVAREZ, S.A. efectuará os pagos ós que está obrigada polo presente acordo no servizo de Caixa do CONCELLO DE PONTEVEDRA, expedíndose a carga de pago pola dependencia correspondente.

En proba de conformidade con todo o que antecede, as partes asinantes do presente acordo, por medio dos seus lexítimos representantes, que constan reseñados no encabezamento deste documento.

SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía para a firma do precedente convenio.

B) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO POLO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda a inclusión na orde do día da declaración institucional do Concello de Pontevedra polo día 8 de marzo, Día Internacional da Muller, á que da lectura o señor Alcalde, nos termos seguintes:

Temos que lembrar, máis unha vez, que a igualdade legal (teórica) entre mulleres e homes non se ten traducido nunha igualdade real (práctica), sobre todo no que se refire ó mundo laboral e á integración das mulleres nos ámbitos de toma de decisións políticas, económicas e sociais.

Concretamente, no referido ó traballo, é ben coñecido o feito de estaren feminizados tódolos indicadores negativos; a taxa de desemprego feminino é moi superior a masculina, as mulleres seguen tendo menos contratos indefinidos que os homes, seguen cobrando un salario inferior por igual traballo, seguen sendo maioritarias nos traballos eventuais e temporais, e sequera cargando maioritariamente co traballo doméstico e as responsabilidades familiares.

Así mesmo, a violencia segue a cebarse sobre as mulleres sendo preciso aunar tódolos esforzos posibles para erradicar esta lacra social.

O Pleno do Concello de Pontevedra fai un chamamento á sociedade para que se conciencie de que a igualdade entre os xéneros é indispensable para o logro dunha Sociedade democrática desenvolvida.

Así mesmo, comprométese a traballar no camiño de:

- Favorecer, na medida das posibilidades, o acceso das mulleres ó mercado de traballo, contribuíndo á superación da cotiá discriminación laboral por razón de sexo.

- Implicar de forma transversal a tódalas Concellerías a áreas de goberno en políticas de igualdade de xénero.

- Potenciar con reflexo orzamentario os servizos de atención ás mulleres, deseñando políticas encamiñadas á súa plena integración en tódolos ámbitos da vida política, económica e social; así como a prevención da violencia en xeral e máis especificamente a dirixida contra as mulleres.

- Reclamar da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o cumprimento do principio de coeducación sobre todo no referido ós aspectos da educación non discriminatoria nin sexista, fomentando dese o Concello campañas con este

obxectivo.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aproba-la declaración nos seus propios termos.

13.- SEGUIMIENTO E CONTROL DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO MUNICIPAL:

A) TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA (ALCALDE E TENENTES DE ALCALDE DELEGADOS DE ÁREA) DURANTE O MES DE XANEIRO DE 2000.

O Pleno da Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Alcaldía (Alcalde e Tenentes de Alcalde delegados de área) durante o mes de xaneiro de 2000.

B) COMPARECENCIAS.

Toma a palabra o señor Alcalde dicindo que en principio non hai petición ningunha de comparecencia, hai unha certa discrepancia entre unhas preguntas que o Partido Popular presentou que se contestarán no apartado de preguntas, en todo caso con dereito a réplica, se non ten inconveniente o portavoz do grupo, en todo caso en posteriores Plenos tratarán de especificar máis claramente cal é a petición que fai o grupo popular ou o grupo socialista.

C) MOCIÓNS URGENTES.

Non se presentaron mocións urxentes.

D) PREGUNTAS.

1) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A POSTA EN SEVICIO DO PARQUE INFANTIL DE TRÁFICO.

O grupo municipal do Partido Popular formula as seguintes preguntas sobre a posta en servicio do Parque Infantil de Tráfico:

1.- ¿A que se debe a demora da inauguración destas instalacións do Parque Infantil de Tráfico?. ¿Son causa da súa inoperancia e a súa ineficacia ou, simplemente, é unha obra máis das proxectadas polo PP que desterra ata rebautizala e logo apropiarsela?

2.- ¿Por que non se axustan as obras ós proxectos e presupostos aprobados.

3.- ¿Pode o Alcalde comprometerse a poner en servicio o antes posible o Parque Infantil de Tráfico, establecendo horarios cos colexios co fin de que poida verse beneficiado deste Parque Infantil o maior número posible de nenos de Pontevedra?

Contéstalle don Raimundo González Carballo, na súa calidade de Delegado de Policía municipal e Tráfico, dicindo que para o BNG a educación vial é un tema de grande trascendencia e que evidentemente lles preocupa, nese sentido incluso fixéronse unhas xornadas de conducción segura no Pazo de Congressos, organizadas pola Administración autonómica, nas que mostraron moitísimo interese e puxeron tódolos medios e colaboración a disposición da mesma, ó mesmo tempo están a facer actividades de educación vial nos colexios, por tanto é para que quede constancia de que é un tema no que teñen sintonía co Partido Popular; en canto ás razóns da demora, dicirlle, que o señor Pedrosa coñece moi ben este proxecto porque foi abordado na anterior Corporación e que houbo a primeira e a segunda fase,

pero que había moitas cousas que non estaban contempladas, evidentemente pequenas cousas que son máis latosas, por exemplo no proxecto non se contemplaba unha cousa tan simple como o rebaixe das beirarrúas para que puideran acceder os minusválidos, temas relativos a electricidade, os semáforos houbo que adaptalos, ou incluso cousas tan simples como se o que se quere é educación vial o que non pode haber é riscos inherentes ós nenos que poidan ir alí, por exemplo os sinais que había e que estaban en proxecto houbo que substituílos e pedir outros novos porque remataban en aristas e implicaban un risco implícito ós rapaces, entón quere dicir que entre estas cousas, como a pintura que non chegaba, temas relativos a fontanería, electricidade, sinalización, etc., se foi abordando e neste momento pode dicir que está rematado todo e que a súa idea é que a finais da semana que ven empece a funcionar, pois o grupo de goberno o que lle interesa é que funcione canto antes na medida en que en moitos colexios xa está feita a fase teórica e agora os nenos terían que ir ó parque infantil de tráfico para estar en contacto cos medios materiais, por tanto a posta en funcionamento entende que vai se-la semana que ven; en canto a outras cuestións que preguntan, como se se axustan ou non as obras ó proxecto, pode dicir que os informes que constan no expediente din que se axustan, así consta por parte dos técnicos en sendas actas de recepción que se poden ver no expediente e o señor Pedrosa sabe como son estes informes na medida que os estivo facendo durante catro anos, por tanto non teñen ningunha intención de apoderarse de ningún proxecto, os proxectos son para os cidadáns do concello, non son do Partido Popular, nin son do BNG, senón que están para servir ós cidadáns, neste caso ós nenos e alegrase que teñan esta sintonía e que todos estean preocupados porque se inaugure canto antes.

Intervén a continuación don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, dando las gracias por haberle concedido la palabra aunque esto se haya tratado como pregunta, pues sino el próximo Pleno solicitaría una comparecencia nuevamente, la verdad es que fue presentado como comparecencia y el propio escrito dice que lo que piden es la comparecencia del señor Alcalde, no del señor Concejal y no es desprecio hacia el Concejal, lo que pasa es que tenía ganas de oír hablar al Alcalde en el Pleno, que no lo había oído en ocho meses; en cuanto a lo que dice el señor González Carballo, ya se ve que evidentemente lo van abordando, claro que sin tiempo no era, porque son muchos meses los que llevan con esas pequeñas cosas que se hubiesen hecho en dos semanas perfectamente, lo que no cabe duda es que lo están abordando con bastante desgana; el proyecto no se ajusta al proyecto inicial, tenía dos carriles y sólo tiene uno, con lo que se dificultan muchas de las posibles maniobras y cruces o cambios que se podían hacer en él, por lo tanto ha disminuido la calidad del proyecto, desconoce si el seguimiento de los técnicos ha sido el que tenía que ser o si hubo otras dificultades y por eso lo preguntaba, pero repite que el proyecto no es igual al

inicial ni aparece en ningún sitio de todo el expediente que se haya cambiado o no, lo único que pide es que funciones, que es para lo que fue hecho ese parque infantil, incluso fue hecho en una época pensando en que empezase a funcionar en este curso pasado, pero ya se está a más de mitad de curso y no se ha utilizado, por tanto el Partido Popular cree que se ha perdido casi un año de poder utilizar esas instalaciones, por tanto piden que se comprometa el señor Alcalde a ponerlo en servicio lo antes posible estableciendo los horarios con colegios y con los beneficiosos resultados que se han tenido a lo largo de los últimos años con esas campañas de educación vial que se hacen con los colegios.

De novo intervén o señor González Carballo, dicindo que o señor Pedrosa para que perdeu un pouquiño a memoria, pois o que querían era ter isto para antes das eleccións e tiveron moito interese en inauguralo pois estivo de director de obra un señor que foi Concelleiro, que levaba precisamente o tema de tráfico, que non era do seu partido pero era coaligado ó seu, e evidentemente se fixeron lixeiros cambios, pero quere dicir que as obras, polo menos as de estrutura e as da primeira fase, xa foron na súa época, entón dalle a impresión de que quere votar algo de leña ó lume, pero en todo caso se houbera algunha responsabilidade de cambio de proxecto, que non lle consta no expediente, esa responsabilidade política sería súa, non sería do actual equipo de goberno e, no que fai referencia ó fondo da cuestión, dicir que xa lle dixo que se ponen funcionamento a semana que ven e que se o grupo popular tiña un proxecto, no que había cantidade de cousas que non estaban contempladas, o BNG asume a responsabilidade como bo gobernante deste concello, pero o que non pode é empezar con efecto retroactivo, eso lle resulta humanamente imposible aínda que políticamente o podía intentar.

Volve a facer uso da palabra o señor Pedrosa Fernández, para decirlle al señor González Carballo que evidentemente no van a ser responsables de lo que viene de atrás, la obra se recepción el 30 de septiembre, por tanto no es responsabilidad del grupo popular, es responsabilidad del B.N.G., porque el 30 de septiembre ya gobernaban, entonces no diga que trata de buscar lo que no es, sean responsables, pues el 30 de septiembre ya eran los responsables, no es el anterior equipo de gobierno.

2) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

O grupo municipal do Partido Popular formula as seguintes preguntas sobre a recollida selectiva de residuos sólidos urbanos:

1.- ¿Firmou o Alcalde, en representación do Concello, a adhesión ó convenio marco entre a Xunta de Galicia e Ecoembes o, polo contrario, decidiu unilateralmente que a Pontevedra non lle interesa continuar coa recollida selectiva en orixe?

2.- ¿Pretende continuar coa recollida selectiva, unha práctica ineludible para optimizar calquera sistema de trata-

mento de RSU?

3.- No caso de que manteña este sistema de recollida selectiva ou outro similar, ¿quen pensa que corra co custo desa recollida selectiva, os cidadáns ou Ecoembes, con quen nese caso debería ter firmado o convenio?

4.- Pode entenderse que se o Alcalde vai sacar a Pontevedra de Sogama non leve a cabo a formalización de ningún convenio que o vincule a ela como é este, pero do contrario non ten sentido que se opoña ás facilidades que Sogama ofrece. Ante esta disxuntiva sería moi esclarecedor para a cidadanía que nos diga:

A) ¿Por que sistema de tratamento de RSU opta finalmente o Alcalde?

B) No caso de que sexa distinto a Sogama, que explique o seu funcionamento e os lugares da instalación das plantas de transformación, reciclaxe e desfeitos necesarias para poñelo en marcha.

C) Pódenos explicar quen efectuará os investimentos necesarios para poñer en marcha este novo sistema e canto vainos custalo recibo do lixo.

Contéstalle o señor Alcalde dicindo que para este grupo de goberno o tratamento do lixo é un tema moi serio que lle preocupa e que ten moito interese, xa é coñecida a súa posición desde hai moito tempo, antes na oposición e agora tamén, que opta por un tratamento de lixo no que se apliquen as tres famosas erres, redución da produción de lixo, que obviamente ten moito que ver tamén con medidas legislativas que se tomen ó respecto e que non dependen moitas veces dos Concellos, reciclaxe e reutilización e son plenamente conscientes ademais de que todo este tema ten que ter un grande apoio da cidadanía e unha grande corresponsabilidade do cidadán; a situación actual é que o Concello integrouse en Sogama por obra e gracia do goberno anterior, que a creación da Sociedade Galega de Medio Ambiente foi unha decisión do Partido Popular e cre que xa chegado este momento despois de certo tempo da súa creación xa non cre ninguén nela; Sogama empezou cunha postura de queimar canto máis mellor, eses foron os primeiros convenios que se trouxeron a este Concello, había que garantir levarlle a Sogama o 100 por 100 de todo o lixo, logo foi variando por obrigacións e directivas da Unión Europea, é dicir, agora en vez de incinerar o 100 por 100 van incinerar o 97% ou o 85%, desde logo a maioría do lixo que se produce sería para incineración, pero non cre ninguén nela porque non cre o Partido Popular a nivel de estado, nin o de moitas comunidades como Valencia e Madrid porque están a facer outro tipo de tratamento e pensa que non cre nin o propio señor Pedrosa porque na intimidade recoñece que este método de recollida e tratamento do lixo non é o que lle gustaría, e hai un tema importantísimo que e o plan estatal de residuos sólidos urbanos donde se fala de que nun prazo razoable de tempo hai que recoller unha porcentaxe moi alta de materia orgánica, da que soamente unha porcentaxe moi pequena se vai dedicar á incineración, estase estudiando

un plan para tratamento de inertes ou entullos e polo tanto esa é a situación actual; o Concello está en Sogama e sempre o dixo, tanto aquí como na actividade parlamentaria, que desde o seu punto de vista entende que este tema é o suficientemente serio como para que fora motivo dun consenso entre tódalas forzas políticas de Galicia, nunca se fixo así e polo tanto pola maioría que neste momento ostenta o Partido Popular na Xunta de Galicia nos levou ó plan Sogama, dicir que obviamente choca frontalmente e entra en contradicción coa postura que ten o Partido Popular a nivel de Estado, ante esa situación a súa opinión foi sempre o consenso, negociar, buscar solucións para mellorar sendo conscientes de que o Plan Sogama está aí, buscar alternativas, compatibilizar, etc., e ante esta postura que ten o actual equipo de goberno, e lle consta que máis equipos de goberno en distintos concellos das grandes cidades, a postura de Sogama é de presión, de manipulación, de coacción sistemática, entón propón un convenio, por exemplo de Ecoembes, que é un dos motivos da pregunta que se fai hoxe, en donde se penaliza calquera tipo de recollida selectiva que non sexa a que presenta Sogama e entende que independentemente de como e de que forma se recollan os envases lixeiros, que son os que ten a obriga de recoller e de pagar Ecoembes, o que hai pagar por eses envases debería se-lo mesmo independentemente do tipo de recollida, polo tanto non está de acordo con ese convenio que penaliza claramente ós concellos e comunidades que opten por outro tipo de tratamento; Sogama intentou neste concello cobrar a tonelada de lixo a 4.800 pesetas máis IVE, despois de botar tódalas contas e de argumentar suficientemente o tema, entre outras cousas porque Sogama non está a cumprir, pois non fai tratamento ningún de lixo, simplemente está a facer un vertido que eles din que é controlado, Sogama recoñece obviamente que non se lle pode engadir ás 4.800 pesetas o

IVE e recoñece ademais que non se está a face-lo tratamento e o acordo ó que se chegou neste Concello despois de ter unha entrevista cos técnicos municipais, a empresa que fai a asistencia técnica nestes temas ó concello, a Concelleira de Medio Ambiente e o Concelleiro de Xeración de Recursos, é que o prezo que se vai pagar por tonelada a partir de agora será de 3.200 pesetas; ademais diso a Xunta de Galicia intenta coaccionar ós Concellos no sentido de que cuestións que son urxentes e necesarias, prometidas e comprometidas por gobernos anteriores, como por exemplo o selado do vertedeiro do Rapadiño, ten que ter relación necesariamente con que o Concello entre sen tipo ningún de dúbida polo aro que pon Sogama para poder executar ese selado e iso non é de recibo e non o vai tolerar de maneira ningunha, entre outras cousas porque sabe, por entrevistas que mantiveron hai pouco os Concelleiros responsables deste tema no Ministerio de Medio Ambiente, que existen uns fondos de coexión, que para o 2000-2006 van significar un importante montante de investimento económico, que teñen prioridade ó respecto do tratamento de residuos sólidos urbanos,

quere dicir que por exemplo se o Concello de Pontevedra pretende sela-lo vertedeiro do Rapadiño, facer unha planta de inertes que é necesaria e imprescindible ou facer unha planta de compos, eses proxectos terían o 85% de subvención deses fondos de coexión e ademais son proxectos considerados polo Ministerio de Medio Ambiente como prioritarios, pero hai un problema que é que a tramitación e aprobación deses fondos de coexión é por medio da Xunta de Galicia, polo tanto se se fai o selado do vertedeiro do Rapadiño, que hai que facelo e o vai esixir así, a Xunta de Galicia por medio dos fondos de coexión aportaría o 85% e o 15% o Concello, por tanto a Xunta de Galicia non aportaría absolutamente nada, se limitaría única e exclusivamente a tramitar eses fondos de coexión; o equipo de goberno, ante esta situación e ante as discrepancias que teñen co convenio con Ecoembes, entende que hai que chegar a un acordo de consenso e teñen aberta unha vía de diálogo coa Xunta de Galicia, na que se teña en conta o plano de tratamento de residuos sólidos actualmente existente e as características e tamén as súas ideas e as do Partido Socialista acerca de cómo se debe acometer globalmente o tema de tratamento de residuos sólidos urbanos, polo tanto están a negociar, están intentando buscar unha saída consensuada na que se compatibilice a actual Sogama con outras alternativas nas liñas máis modernas e máis vanguardistas e, ó respecto dalgunhas preguntas que se facían por aquí, que tampouco as vai contestar unha por unha, dicir que están empeñados en mellora-lo máximo posible a recollida selectiva, entre comiñas efectiva, e nese sentido neste momento vaise contrata-la ampliación dos contenedores para papel e vidro e a recollida selectiva do caldeiro amarelo é un plan piloto que aprobou o goberno anterior e que foi a propia Sogama a que o implantou e o grupo de goberno en momento ningún vai retirar a recollida selectiva, en todo caso se se retira é responsabilidade da propia Sogama, polo tanto deixar moi claro que a súa posición, contraposta claramente á posición da Xunta que está sistematicamente presionando para que se acepte o seu plan en tódolos seus termos, é de diálogo aberto e agarda nun prazo razoable de tempo poder chegar a un acordo, pois como xa dixo moitas veces prefire un mal acordo a andar a discutir tódolos días dependendo incluso de bandazos ou de resultados electorais; o tema do lixo é un tema que hai que tratar seriamente con visión de futuro e consensuadamente.

Intervén a continuación don Juan Luis Pedrosa Fernández, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, dicindo que le preocupó lo que ha dicho el señor Alcalde sobre lo que él pensaba en su intimidad, sobre todo porque no coincide con la realidad porque si pensase así hubiese actuado de otra manera y no se hubiese integrado en Sogama en su día siendo Alcalde; por otra parte, habla de los incumplimientos de Sogama y evidentemente es su obligación el hacérselos cumplir y el pagar lo justo y no pagar ni una peseta más de lo que tenga que ser, pero no contestó a ninguna de todas las preguntas, había aquí dos partes muy claramente diferenciadas en esta petición de

comparecencia y la primera de ellas era lo que han visto en la prensa de que se van a retirar los contenedores amarillos, que era un plan piloto en el que Pontevedra fue una ciudad pionera incluso a nivel de toda España, que en la actualidad tenía que haberse firmado un convenio antes del 31 de diciembre y que el señor Alcalde, por lo que hoy da a entender, decidió por su cuenta y riesgo sin consultarlo con el resto de los grupos políticos no firmar y esa era la pregunta, es decir, si lo había firmado o si no lo había firmado por que no lo había hecho y que si podía explicar el que no firmar ese convenio supone que deja de efectuarse esa recogida selectiva, que no sólo era buena para la ciudad sino que encima podía repercutir beneficiosamente en el Ayuntamiento, puesto que Ecoembes pagaría al Ayuntamiento por esa recogida selectiva, cantidad que en definitiva podía rebajar aunque fuese poco el recibo que cada pontevedrés paga cada dos meses, esa era la pregunta y que no haya firmado ese convenio y que no le preocupe que se retiren ahora los contenedores o que pudiese rebajarse el precio del recibo de la basura, lleva implícita la otra pregunta y es que si es así lo entenderían simplemente porque el Bloque tendría una alternativa distinta a la de Sogama para las basuras, que por otro lado es algo que vienen diciendo desde hace tres o cuatro años, lo que si queda patente y es evidente es que las siguientes preguntas iban en ese sentido, pero le queda clarísimo que el Bloque no tiene esa alternativa ni la va a tener y que van a seguir en Sogama muchos años, pero si tuviesen esa alternativa tendrían que saber exactamente cual es, cuanto va a costar, en que parroquia o en que sitio iba a ubicar las instalaciones, las plantas de transformación, de reciclaje, etc., y toda esa serie de datos que una vez más ni los dice ni los aclara, evidentemente porque no los tiene y porque no le interesa tenerlos, y adelanta aquí que se verá como el Ayuntamiento seguirá vertiendo en Sogama y llevando las basuras a Cerceda; habló el señor Alcalde de inertes, del Rapadiño y mezcló las ayudas europeas, pero no tiene absolutamente nada que ver, son cosas completamente distintas, evidentemente el Rapadiño hay que sellarlo, es un proyecto más que está ahí que tendrá que hacerse, el vertedero de inertes es algo que está muy bien, aunque va a tener muchas complicaciones, sobre todo si sólo lo acomete el Ayuntamiento de Pontevedra porque vendrán los inertes de todos los otros sitios, pues es algo que no tiene ningún Ayuntamiento y que todos tenían que tener, por lo tanto eso es algo que solamente irá adelante y será efectivo si lo acometen todos los Ayuntamientos a la vez, por lo menos los más grandes, pero que no tiene absolutamente nada que ver con la recogida de residuos sólidos urbanos, por tanto le queda muy claro y le tiene que quedar muy claro a todos los pontevedreses que el Bloque no tiene esa alternativa que desde hace cuatro años venía capitaneando y de alguna manera ha estado engañando a toda la ciudadanía y está seguro de que les va a seguir engañando.

Se ausenta de la sesión doña Dolores de Ozámiz Lestón.

Volve a facer uso da palabra o señor Alcalde, dicíndolle ó señor Pedrosa que as súas últimas palabras son obviamente subxetivas, pois as respostas están todas dadas coa contestación global, é obvio que non se asinou o convenio e que ó Concello non lle custa nada nin lle vai custar nada esa recollida selectiva do plan piloto, en todo caso hai un prazo ata o 2001 para cumpri-la lei de envases e embalaxes e polo tanto pode estar tranquilo o señor Pedrosa que na situación na que está o Concello de Pontevedra hai outros concellos que tamén teñen un plan piloto, é máis, hai outros concellos de grandes cidades de Galicia que non é que teñan un plan piloto senón que teñen estendida a recollida selectiva a toda a cidade e tampouco firmaron ese convenio, porque é un convenio que non beneficia e que hai que discutir seriamente; polo tanto estase a negociar e no seu momento se explicará o resultado final, o que pasa é que o señor Pedrosa entra en contradiccións sistemáticamente, pois cando presentaron o borrador do orzamento 2000 se incluía unha planta de entullos e de compós e inmediatamente dixo que non facía falta ou que xa se tiña resolto o problema, etc., entón en cada momento utiliza un argumento totalmente distinto; o que ten que lle dicir e que se está a optar por unha posición o máis razoable posible, queren chegar a un acordo consensuado e obviamente non saben cal é o resultado final, pero nese camiño están máis cidades que o Concello de Pontevedra e polo tanto cando se chegue a un acordo consensuado se explicará a tódolos grupos políticos da oposición neste Pleno e se darán esas respostas que o señor Pedrosa considera que non se lle estiveron dando ata agora.

De novo intervén o señor Pedrosa Fernández, para dicir que sempre ha defendido el mismo argumento, que el Ayuntamiento está perfectamente en Sogama, pues es menos costoso y no necesita aquí ninguna instalación, viene defendiendo lo mismo siempre, por eso decía que no sabía porque figuraba una planta de compostaje en los Presupuestos, pues cree que hay necesidades muchísimo más importantes que cubrir en el Ayuntamiento de Pontevedra, cientos, miles, millones de ellas antes de esa que tiene cubierta y considera que perfectamente; además habla el señor Alcalde de que hay más ciudades y, le recuerda, que aquello de que mal de muchos consuelo de tontos no le sirve de nada.

E) ROGOS.

ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, DON GERARDO ZUGASTI ENRIQUE, SOBRE A FOTOGRAFÍA DE EL REI.

Manifiesta que la fotografía del Rey que preside este salón está descolorida, llena de manchas de humedad, arrugada, doblada, etc. y no quiere meterse con el marco, porque como dijo antes defiende la libertad de la estética, pero rogaría que para el próximo y sucesivos Plenos se ponga una fotografía digna.

Contéstalle o señor Alcalde que ten que recoñecer que se

mellorou, polo menos en tamaño e a seguirán mellorando na estética en próximos Plenos.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo señor Alcalde remátase a sesión ás trece horas e cinco minutos, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e praxe.
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO XERAL,

Fdo. Miguel Anxo Fernández Lores. Fdo. Julio Dapena Outomuro.